Sobre os datos referidos aos protocolos de actuación e xestión de crise establecidos pola Xunta de Galicia, así como a súa aplicación na vaga de incendios forestais rexistrada en Galicia a mediados de outubro de 2017

- 29866 - 24007 (10/PRE-007647)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para promover a consideración, por parte das universidades galegas, da incorporación dunha materia específica para a atención e prevención da violencia machista

- 30175 - 26418 (10/PRE-008062)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego referidas ao prazo de construción, orzamento, prestacións e servizos do novo centro de saúde de Poio, o mantemento dos consultorios periféricos de Raxó e Combarro e a adopción de medidas para acabar coas listas de espera nese concello

- 29776 - 26426 (10/PRE-008063)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da supresión da liña directa de autobús entre Lugo e Vigo, así como as medidas adoptadas ou previstas para a súa restitución e a garantía dunhas frecuencias e conexións acaídas ás necesidades da poboación

- 29865 - 26516 (10/PRE-008064)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 2 máis

Sobre o número pacientes de infarto que recibiron un tratamento de hemodinámica no Hospital Universitario Lucus Augusti, de Lugo, nos anos 2014, 2015, 2016, 2017 e no mes de xaneiro de 2018, así como o número dos que foron trasladados desde ese hospital ou desde calquera outro dos servizos sanitarios da provincia de Lugo ao Hospital Universitario da Coruña nese período

- 29775 - 26807 (10/PRE-008090)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego en relación co nivel de perigosidade que presenta a estrada N-550, A Coruña-Tui, en varios puntos, e nomeadamente ao seu paso polos concellos de Vilaboa e Pontevedra, así como sobre as demandas que vai realizar ao Goberno central respecto disto e o prazo previsto para creación da Mesa Galega da Bicicleta

- 30174 - 27086 (10/PRE-008125)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a opinión da Xunta de Galicia referida á necesidade de poñer en marcha unha estratexia galega de atención ás persoas con dano cerebral adquirido, así como de crear un censo delas para dimensionar de xeito axeitado os recursos necesarios e as súas intencións en relación coa implantación da categoría diagnóstica 'dano cerebral adquirido' e a garantía da atención no tempo e na forma para evitar as secuelas derivadas das demoras na rehabilitación

- 30173 - 27245 (10/PRE-008144)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da reparación do firme, así como a mellora da drenaxe lonxitudinal e sinalización horizontal da estrada AC-546

- 30054 - 27326 (10/PRE-008151)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre a opinión da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria referida á suficiencia do compromiso orzamentario do Goberno galego para actividades de impulso das vocacións nas áreas STEM, ou de ciencias, tecnoloxía, enxeñería e matemáticas, a súa valoración en relación coa participación dos centros educativos, así como do alumnado, nas levadas a cabo nese eido, e, se é o caso, as medidas previstas para o seu incremento e a redución da fenda de xénero existente nesas áreas

- 30171 - 27587 (10/PRE-008171)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo e previstas polo Goberno galego en relación coa situación xerada polo anuncio da suba de prezos que vai levar a cabo a Dirección da Asociación Autismo Ourense, a partir do 31 de xullo de 2018, a causa da minoración da contía da subvención recibida da Xunta de Galicia

- 30053 - 27599 (10/PRE-008172)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as xestións levadas a cabo polo Goberno galego, as razóns da demora e o prazo previsto para o cumprimento do acordo parlamentario do 3 de outubro de 2017, referido á retirada das inscricións franquistas existentes nas fachadas das igrexas católicas, e, en particular, a que hai na igrexa de Santiago en Cangas

- 29774 - 27606 (10/PRE-008174)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre o estado de tramitación da declaración da illa de Ons como Área de Rehabilitación Integral

- 30170 - 27818 (10/PRE-008194)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central da axilización da reparación do firme da estrada N-642 entre Barreiros e San Cibrao, a redacción urxente do proxecto para a rehabilitación do tramo entre Porto e Ribadeo, así como a execución no ano 2018 das melloras máis urxentes na Rede estatal de estradas na provincia de Lugo e a información que posúe en relación co proxecto de autovía A-74

- 30093 - 28019 (10/PRE-008225)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre as previsións da Xunta de Galicia referidas á demanda ao Ministerio de Fomento da reparación da estrada N-540, a mellora do estado do firme e a remodelación da súa sinalización, así como a reforma e reparación dos tramos Guntín-Vendas de Narón e A Barreela-Taboada, e as actuacións levadas a cabo ao respecto

- 29864 - 28127 (10/PRE-008261)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre o motivo polo que a Asociación de Vivendas Turísticas de Galicia non forma parte do Consello Galego de Turismo de Galicia e a previsión de que esta situación cambie

- 29795 - 28212 (10/PRE-008267)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 3 máis

Sobre a valoración que realiza o Goberno galego en relación coa eficacia das medidas adotadas para o control e vixilancia das edificacións inacabadas en Galicia e a previsión de medidas que hai que adoptar, os datos que manexa ao respecto e a posible comunicación á Sareb e aos grandes propietarios das vivendas inacabadas para coñecer as súas previsións e os seus resultados

- 29863 - 28330 (10/PRE-008281)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 3 máis

Sobre a valoración, as medidas e os prazos previstos polo Goberno galego para solucionar os inconvenientes que está a padecer a veciñanza de Carnota, en concreto no Pindo, a consecuencia do deficiente funcionamento do servizo de saneamento e depuración das augas residuais

- 30168 - 28404 (10/PRE-008289)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as intencións do Goberno galego respecto da creación da comisión de seguimento da vía de alta capacidade Costa Norte e, se é o caso, o prazo previsto para ese fin, así como os datos referidos ao seu calendario de xuntanzas

- 29793 - 28431 (10/PRE-008292)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as razóns da demora e as medidas previstas pola Xunta de Galicia para a posta en marcha do saneamento na localidade do Pindo, no concello de Carnota, así como a situación na que se atopa o proxecto para a dotación desa infraestrutura ao lugar de Lariño

- 30167 - 28437 (10/PRE-008293)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración do Goberno galego referida á situación das trinta familias dos nenos ourensáns con trastornos do espectro autista (TEA), a consecuencia da posible redución dos servizos que lles están a prestar aos seus fillos, e as medidas previstas para garantirlles a súa accesibilidade e mantemento, así como os datos referidos ás axudas concedidas pola Xunta de Galicia á Asociación Autismo Ourense dende o ano 2009 e o control levado a cabo ao respecto

- 30052 - 28560 (10/PRE-008305)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da cobertura das baixas e xubilacións das matronas, as actuacións que vai levar a cabo para resolver a carencia delas na provincia de Ourense, en especial, na atención primaria e o posible cumprimento do disposto no Plan integral de saúde da muller en Galicia, así como as recomendacións da Organización Mundial da Saúde ao respecto

- 30085 - 28669 (10/PRE-008319)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre o falecemento dunha turista o día 31 de marzo de 2018 como consecuencia do desprendemento dunha pedra do interior dunha das covas da praia das Catedrais, no concello de Ribadeo

- 30051 - 28712 (10/PRE-008323)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da calidade asistencial ofrecida no Hospital de Verín, o coñecemento dos déficits de servizos que se veñen apuntando polos colectivos de pacientes, profesionais e diversas organizacións, así como o traslado á Consellería de Sanidade pola Dirección do centro dalgunha necesidade en materia de medios humanos e materiais

- 30166 - 28819 (10/PRE-008332)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as demandas que vai realizar o Sergas ao Concello de Tui en relación coas repercusións que ten na asistencia sanitaria do centro de saúde a instalación de atraccións de feira, con motivo das festas patronais, na explanada contigua ao centro

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2018

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 4328**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez, sobre **“os acordos adoptados na xuntanza do Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación coas comunidades autónomas para a coordinación da axuda de emerxencia na crise das persoas refuxiadas, a participación do Goberno galego no Fondo de Programación Conxunta de Axuda de Emerxencia e os datos referidos á súa dotación económica, así como as propostas da Xunta de Galicia para o plan de coordinación desa axuda”**, (publicada no BOPG número 64 do 10 de febreiro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A grave crise de refuxiados que se está dando a nivel mundial, e que afecta a Europa de maneira particular, require de respostas urxentes coordinadas a nivel internacional e nacional. Ademais, a actual situación require tamén da cooperación entre departamentos: os competentes en política social (estatais, autonómicos e locais) e os competentes en materia de cooperación co obxectivo de desenvolver tamén acción exterior e resposta ‘en orixe’.

Con este convencemento, na Conferencia de Presidentes do 17 de xaneiro de 2017, varias comunidades autónomas propuxeron elaborar un Plan de resposta conxunta que involucre non só aos departamentos competentes en materia social, senón tamén a aqueles relacionados coa cooperación para o desenvolvemento, abrindo así a posibilidade de que se destinen fondos da Axuda Oficial para o Desenvolvemento (AOD) para tratar de paliar esta situación. Tendo en conta este mandato derivado da Conferencia de Presidentes, o Ministerio de Asuntos Exteriores convocou o 23 de xaneiro e o 10 de febreiro reunións cos departamentos autonómicos competentes en cooperación e coa Federación Española de Municipios e Provincias co fin de desenvolver este Plan de resposta coordinada. O documento, que se refire só ás actuacións que se poderán levar a cabo con financiamento destinado á cooperación para o desenvolvemento, está dispoñible na páxina web da Axencia Española de Cooperación Internacional ao Desenvolvemento (AECID).

En canto ao Fondo de programación conxunta de axuda de emerxencia, este foi creado a través da sinatura dun convenio en maio de 2015 entre a AECID e as comunidades autónomas de Galicia, A Rioxa, Castela a Mancha, Illas Baleares, Estremadura e Madrid. Polo tanto, Galicia forma parte do mesmo desde o seu inicio. No que se refire ao seu orzamento, a cláusula terceira do convenio establece que a AECID achegará un millón de euros anualmente. As comunidades comprométense a unha achega anual de 50.000 euros. Tendo en conta este compromiso, a Xunta xa ten investido 150.000 euros nas anualidades de 2015, 2016 e 2017.

Xa no que se refire ás accións programadas para o Plan de coordinación da axuda de emerxencia ás persoas refuxiadas, a Xunta de Galicia continuará coas súas contribucións no marco dos convenios de acción humanitaria e emerxencia que se asinan anualmente con Farmacéuticos Mundi e ACNUR (no marco do cal en 2017 financiouse unha proposta de asistencia básica para a poboación refuxiada siria en Xordania, á que está previsto darlle continuidade no 2018). Ademais, tamén en 2017, publicouse unha convocatoria para financiar proxectos de acción humanitaria no exterior, na que se priorizaron as actuacións de apoio á poboación refuxiada que veñan a complementar o Plan de resposta coordinada ante a crise de refuxiados e migrantes en Europa. No marco desta convocatoria financiouse, entre outros, un proxecto para a 'Redución da vulnerabilidade das persoas refuxiadas a causa do conflito sirio e da poboación de acollida no Líbano, priorizando ás persoas que precisan dunha atención especial'

Actualmente en Galicia hai 212 persoas solicitantes de asilo que participan no programa de reubicacións e reasentamentos do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, repartidas entre as catro provincias galegas. Trátase de familias de nacionalidades diversas e en moitos casos con menores a cargo.

Este programa está xestionado por entidades de ámbito estatal e concretamente en Galicia estase a realizar a través de Cruz Roja, Accem e Provivienda. A Xunta de Galicia colabora con estas entidades facilitando o acceso aos servizos que precisan estas persoas e removendo os posibles atrancos que puideran xurdir nesta primeira acollida, entre os que destacamos os recursos residenciais que facilita o IGVS en distintas localidades, a escolarización dos menores e o acceso as prestacións sanitarias.

Neste momento moitas das persoas que temos en Galicia están aínda na fase de primeira acollida, que dura seis meses, e polo tanto esta competencia corresponde ao estado. O



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2018 12:26
Nº Rexistro: 29791
Data envío: 20/04/2018 12:26:37.460

g o l i c i a

financiamento da primeira fase de acollida, e tamén a da segunda fase, chamada de integración, realízase a través do Fondo para o Asilo e Migracións (FAMI) que xestionan conxuntamente o Ministerio de Emprego e Seguridade Social e o Ministerio do Interior.

Na segunda fase, de integración, a Xunta de Galicia ademais de poñer a súa disposición os recursos que se garanten para todos os galegos e galegas, como son o acceso aos servizos sociais, educación e sanidade, tamén permite que participen nos recursos para a inclusión e integración da poboación inmigrante que xestiona a Consellería de Política Social a través de dúas convocatorias de subvencións de carácter plurianual: unha dirixida a entidades de iniciativa social e outra dirixida a corporacións locais, que permiten desenvolver diferentes accións de inclusión sociolaboral, como actividades formativas e prelaborais, mediación intercultural ou asesoramento legal.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2018 12:26
Nº Rexistro: 29791
Data envío: 20/04/2018 12:26:37.460

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/04/2018 12:26:18



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 4330**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez, sobre **“as propostas do Goberno galego para o Plan de coordinación da axuda de emerxencia ás persoas refuxiadas”**, (publicada no BOPG número 63 do 9 de febreiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A grave crise de refuxiados que se está dando a nivel mundial, e que afecta a Europa de maneira particular, require de respostas urxentes coordinadas a nivel internacional e nacional. Ademais, a actual situación require tamén da cooperación entre departamentos: os competentes en política social (estatais, autonómicos e locais) e os competentes en materia de cooperación co obxectivo de desenvolver tamén acción exterior e resposta ‘en orixe’.

Con este convencemento, na Conferencia de Presidentes do 17 de xaneiro de 2017, varias comunidades autónomas propuxeron elaborar un Plan de resposta conxunta que involucre non só aos departamentos competentes en materia social, senón tamén a aqueles relacionados coa cooperación para o desenvolvemento, abrindo así a posibilidade de que se destinen fondos da Axuda Oficial para o Desenvolvemento (AOD) para tratar de paliar esta situación. Tendo en conta este mandato derivado da Conferencia de Presidentes, o Ministerio de Asuntos Exteriores convocou o 23 de xaneiro e o 10 de febreiro reunións cos departamentos autonómicos competentes en cooperación e coa Federación Española de Municipios e Provincias co fin de desenvolver este Plan de resposta coordinada. O documento, que se refire só ás actuacións que se poderán levar a cabo con financiamento destinado á cooperación para o desenvolvemento, está dispoñible na páxina web da Axencia Española de Cooperación Internacional ao Desenvolvemento (AECID).

En canto ao Fondo de programación conxunta de axuda de emerxencia, este foi creado a través da sinatura dun convenio en maio de 2015 entre a AECID e as comunidades autónomas de Galicia, A Ríoxa, Castela a Mancha, Illas Baleares, Estremadura e Madrid. Polo tanto, Galicia forma parte do mesmo desde o seu inicio. No que se refire ao seu orzamento, a cláusula terceira do convenio establece que a AECID achegará un millón de euros anualmente. As comunidades comprométense a unha achega anual de 50.000 euros. Tendo en conta este compromiso, a Xunta xa ten investido 150.000 euros nas anualidades de 2015, 2016 e 2017.

Xa no que se refire ás accións programadas para o Plan de coordinación da axuda de emerxencia ás persoas refuxiadas, a Xunta de Galicia continuará coas súas contribucións no marco dos convenios de acción humanitaria e emerxencia que se asinan anualmente con Farmacéuticos Mundi e ACNUR (no marco do cal en 2017 financiouse unha proposta de asistencia básica para a poboación refuxiada siria en Xordania, á que está previsto darlle continuidade no 2018). Ademais, tamén en 2017, publicouse unha convocatoria para financiar proxectos de acción humanitaria no exterior, na que se priorizaron as actuacións de apoio á poboación refuxiada que veñan a complementar o Plan de resposta coordinada ante a crise de refuxiados e migrantes en Europa. No marco desta convocatoria financiouse, entre outros, un proxecto para a 'Redución da vulnerabilidade das persoas refuxiadas a causa do conflito sirio e da poboación de acollida no Líbano, priorizando ás persoas que precisan dunha atención especial'.

Actualmente en Galicia hai 212 persoas solicitantes de asilo que participan no programa de reubicacións e reasentamentos do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, repartidas entre as catro provincias galegas. Trátase de familias de nacionalidades diversas e en moitos casos con menores a cargo.

Este programa está xestionado por entidades de ámbito estatal e concretamente en Galicia estase a realizar a través de Cruz Roja, Accem e Provivienda. A Xunta de Galicia colabora con estas entidades facilitando o acceso aos servizos que precisan estas persoas e removendo os posibles atrancos que puideran xurdir nesta primeira acollida, entre os que destacamos os recursos residenciais que facilita o IGVS en distintas localidades, a escolarización dos menores e o acceso as prestacións sanitarias.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2018 13:48
Nº Rexistro: 29810
Data envío: 20/04/2018 13:48:14.289

Neste momento moitas das persoas que temos en Galicia están aínda na fase de primeira acollida, que dura seis meses, e polo tanto esta competencia corresponde ao estado. O financiamento da primeira fase de acollida, e tamén a da segunda fase, chamada de integración, realízase a través do Fondo para o Asilo e Migracións (FAMI) que xestionan conxuntamente o Ministerio de Empleo e Seguridade Social e o Ministerio do Interior.

Na segunda fase, de integración, a Xunta de Galicia ademais de poñer a súa disposición os recursos que se garanten para todos os galegos e galegas, como son o acceso aos servizos sociais, educación e sanidade, tamén permite que participen nos recursos para a inclusión e integración da poboación inmigrante que xestiona a Consellería de Política Social a través de dúas convocatorias de subvencións de carácter plurianual: unha dirixida a entidades de iniciativa social e outra dirixida a corporacións locais, que permiten desenvolver diferentes accións de inclusión sociolaboral, como actividades formativas e prelaborais, mediación intercultural ou asesoramento legal.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2018 13:48
Nº Rexistro: 29810
Data envío: 20/04/2018 13:48:14.289

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/04/2018 13:48:10



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 5313**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o peche pola Consellería do Mar, sen previo aviso ao sector, dos bancos marisqueiros da zona II,1 da ría de Vigo, por causa das obras de construción do emisario submarino da depuradora de Lagares”**, (publicada no BOPG número 75 do 1 de marzo de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada polas **Consellerías do Mar e a de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“Ante a necesidade de acometer actuacións e realizar obras nos sistemas de saneamento (estacións depuradoras de augas residuais urbanas e industriais, redes de saneamento, pozos de bombeo, etc.) que permitan o seu mantemento en condicións óptimas e garantan a realización dos vertidos de augas residuais ao dominio público segundo as prescricións e directrices das autorizacións de vertido, **Augas de Galicia**, que é o organismo competente para outorgar a autorización necesaria para realizar as obras e instalacións de vertidos dende terra ás augas do litoral galego e o exercicio das funcións de policía sobre eles, elaborou o **‘Protocolo de Actuacións para o Vertido de Augas Residuais ao Dominio Público por labores extraordinarias de mantemento dos Sistemas de Saneamento’**. No caso de vertidos de augas residuais ás rías de Galicia, de acordo co establecido no punto 2.1 do protocolo, consultarase a Consellería do Mar, para que valore as actuacións propostas no que respecta á idoneidade das datas previstas.

O vertido puntual de augas residuais de Vigo durante as obras de ampliación e modernización da depuradora estaba programado dende facía tempo, sen embargo, sufriu modificacións de última hora en canto aos puntos de vertido e a data de execución das actuacións, que finalmente se iniciaron o 15 de febreiro.

No marco do programa de control organizouse a toma de mostras en diferentes puntos da ría durante os días 16, 17, 20, 22, 24 e 27 para a análise microbiolóxica dos moluscos bivalvos da parte media e externa da ría de Vigo para avaliar o impacto da incidencia. Os resultados deste seguimento mostraron que unicamente o polígono de bateas Cangas H presentou resultados anormais se ben, na data do 22/02/2017, xa tiña recuperado o nivel habitual. No resto das zonas de produción analizadas non se detectaron diferenzas significativa entre os resultados anteriores e posteriores ao vertido, e en ningún caso se superou o límite establecido na lexislación vixente para a clasificación microbiolóxica das zonas de clase B.

Os períodos nos que non se puido mariscar polo informe desfavorable emitido polo Intecmar como medida precautoria foron os seguintes:

- 15,16 de febreiro para o marisqueo a pe nos bancos situados entre Toralla e Bouzas.
- 15,16,20,21,22 de febreiro para marisqueo a pe nos bancos situados na zona externa da ría de Vigo.
- 15,16,20,21,22 de febreiro para o marisqueo de longueirón no banco de Samil.
- 15,16,17,20,20,21,22 de febreiro para o marisqueo da anémona na zona de Toralla e O Bao.

A repercusión dos peches da actividade extractiva nunha parte da ría de Vigo, foi diferente para cada plan de explotación. Os días do mes de febreiro anulados



no plan de marisqueo a pe puideron ser recuperado nos meses seguintes xa que neste plan non tiñan previsto traballar mais de 150 xornadas ao longo do ano. No plan de marisqueo a flote tiveron que cambiar de zona e desprazarse aos bancos situados no interior da ría. No plan de extracción de longueirón puideron ser recuperados nos meses seguintes xa que neste plan non tiñan previsto traballar mais de 55 xornadas ao longo do ano. Por último, no plan de extracción de anémona tamén puideron ser recuperados nos meses seguintes xa que neste plan non tiñan previsto traballar mais de 5 xornadas a pé e 50 xornadas a mergullo ao longo do ano.

No que respecta a sinalización das actividades desenvolvidas pola empresa que instalou o emisario submarino da EDAR de Vigo, a Consellería de Mar non ten competencias ao respecto, o responsable da seguridade no tráfico marítimo lle corresponde á 'Subdirección General de Seguridad, Contaminación e Inspección Marítima' do 'Ministerio de Fomento'. A competencia que ten a nosa Consellería límitase a regular, en continuidade co disposto pola UE, a sinalización das artes de pesca e marisqueo.


Por outra banda, en canto á suposta mortalidade de ameixa rubia e a súa suposta vinculación coa depuradora do Lagares, sinalar que no Intecmar non se notificou ningún episodio de mortalidade de ameixa rubia na ría de Vigo ao longo do ano 2017.

Neste punto cabe lembrar que no ano 2012 a Consellería do Medio Rural e do Mar encargaron, a investigadores do CIMA, a acción de investigación '*Análise preliminar da problemática de diminución da produción de ameixa rubia (Venerupis rhomboides) na ría de Vigo*'. Os resultados deste estudo presentaron en conxunto abundancias de poboación moi reducidas e, en moitos casos, estruturas de tamaños desequilibrados, suxerindo a existencia dun déficit na incorporación de xuvenís á fracción comercial. O estudo histopatolóxico levado a cabo en estas poboacións mostrou a presenza de Colonias Procariotas

Intracelulares na branquia (CPI-I) con prevalencias moi altas e Intensidades de infección moderadas e baixas, así como Colonias Procariotas Intracelulares hiperparasitadas por un virus (CPI-II). As CPI-I e CPI-II xa foran detectadas no 2010 e 2011 asociadas a mortalidades.

Como continuación dese estudo preliminar, no ano 2013 ponse en marcha a acción de investigación 'Estudio epidemiolóxico da ameixa rubia (*Venerupis romboides*) en Galicia afectada por colonias procariotas intracelulares (CPI). Identificación das CPI. Seguimento da estrutura de tallas de poboacións de ameixa rubia de 4 bancos da ría de Vigo' para profundar no estudo da ameixa rubia na ría de Vigo. Cos seguintes resultados:

- Rexistrouse un descenso da intensidade das CPI-I a partir do ano 2012 ata o ano 2015 (en Cabo do Mar), coincidindo coa melloría detectada no estudo da poboación.
- A presenza de CPI-I e CPI-II é normal en ameixa rubia xa que se atopan prevalencias altas indistintamente en bancos afectados por mortalidade e en bancos control.
- É o aumento da intensidade de infección do CPI-I o que desemboca nos episodios de mortalidade.
- Descenso das capturas na ría de Vigo en 2016 con respecto a 2015 ao contrario que o resto de Galicia.





Por último, a Consellería de Medio Ambiente informa que a nova EDAR de Vigo, que foi inaugurada o pasado mes de marzo e está actualmente en fase de posta en marcha, dá cumprimento á directiva europea sobre saneamento de augas residuais urbanas, en especial, no referente á calidade microbiolóxica necesaria para cumprir cos requisitos de calidade da cría de moluscos e as augas de baño.

Esta infraestrutura conta cunha capacidade de tratamento para 800.000 habitantes equivalentes e unha capacidade de ata 12 m³/s en situación de choivas, o que supón tratar todas as augas residuais conducidas pola rede de colectores e evitar os alivios directos na desembocadura do río Lagares. Coa posta en marcha desta infraestrutura hidráulica, a calidade das masas de auga da ría de Vigo mellorará considerablemente, e, polo tanto, a actividade marisqueira.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2018 12:19
Nº Rexistro: 29788
Data envío: 20/04/2018 12:19:42.864

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/04/2018 12:19:37



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 4054**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a conveniencia de que os sobres dos xulgados de Violencia contra a Muller non leven o selo identificativo para favorecer a discreción e garantir a seguridade das testemuñas”**, (publicada no BOPG número 54 do 3 de febreiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia mantén un pleno compromiso na loita contra a violencia de xénero, así como coa salvagarda dos cidadáns e cidadás que como testemuñas colaboran coa policía xudicial e coa Administración de xustiza nas causas penais, cumprindo co seu deber constitucional.

A citación a testemuñas polos órganos xudiciais constitúe un acto procesual, e polo tanto, é unha actuación xudicial que se rexe pola regulamentación a tal fin establecida, de acordo coa Lei de axuizamento criminal, así como co Regulamento do Consello Xeral do Poder Xudicial 1/2005, do 15 de setembro, dos aspectos accesorios das actuacións xudiciais, que determinan a forma de practicar os actos de comunicación e realizar as citacións, especificamente nos asuntos que tramitan os xulgados de garda e os xulgados de violencia sobre a muller.

Estamos, pois, ante unha actuación xudicial. A Xunta de Galicia, como administración instrumental da Administración de xustiza, só está en disposición de subministrar os medios materiais tal e como lle precisen as autoridades xudiciais e procesuais. En todo caso, vén de dirixirse ao Observatorio contra a violencia doméstica e de xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial para abordar este asunto.

A Xunta de Galicia está a favor de calquera medida que contribúa a preservar a intimidade destas persoas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2018 12:26
Nº Rexistro: 29792
Data envío: 20/04/2018 12:26:47.007

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/04/2018 12:26:41



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **4329**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez, sobre **“os acordos adoptados na xuntanza do Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación coas comunidades autónomas para a coordinación da axuda de emerxencia na crise das persoas refuxiadas, a participación do Goberno galego no Fondo de Programación Conxunta de Axuda de Emerxencia e os datos referidos á súa dotación económica, así como as propostas da Xunta de Galicia para o plan de coordinación desa axuda”**, (publicada no BOPG número 63 do 9 de febreiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A grave crise de refuxiados que se está dando a nivel mundial, e que afecta a Europa de maneira particular, require de respostas urxentes coordinadas a nivel internacional e nacional. Ademais, a actual situación require tamén da cooperación entre departamentos: os competentes en política social (estatais, autonómicos e locais) e os competentes en materia de cooperación co obxectivo de desenvolver tamén acción exterior e resposta ‘en orixe’.

Con este convencemento, na Conferencia de Presidentes do 17 de xaneiro de 2017, varias comunidades autónomas propuxeron elaborar un Plan de resposta conxunta que involucre non só aos departamentos competentes en materia social, senón tamén a aqueles relacionados coa cooperación para o desenvolvemento, abrindo así a posibilidade de que se destinen fondos da Axuda Oficial para o Desenvolvemento (AOD) para tratar de paliar esta situación. Tendo en conta este mandato derivado da Conferencia de Presidentes, o Ministerio de Asuntos Exteriores convocou o 23 de xaneiro e o 10 de febreiro reunións cos departamentos autonómicos competentes en cooperación e coa Federación Española de Municipios e Provincias co fin de desenvolver este Plan de resposta coordinada. O documento, que se refire só ás actuacións que se poderán levar a cabo con financiamento

destinado á cooperación para o desenvolvemento, está dispoñible na páxina web da Axencia Española de Cooperación Internacional ao Desenvolvemento (AECID).

En canto ao Fondo de programación conxunta de axuda de emerxencia, este foi creado a través da sinatura dun convenio en maio de 2015 entre a AECID e as comunidades autónomas de Galicia, A Rioxa, Castela a Mancha, Illas Baleares, Estremadura e Madrid. Polo tanto, Galicia forma parte do mesmo desde o seu inicio. No que se refire ao seu orzamento, a cláusula terceira do convenio establece que a AECID achegará un millón de euros anualmente. As comunidades comprométese a unha achega anual de 50.000 euros. Tendo en conta este compromiso, a Xunta xa ten investido 150.000 euros nas anualidades de 2015, 2016 e 2017.

Xa no que se refire ás accións programadas para o Plan de coordinación da axuda de emerxencia ás persoas refuxiadas, a Xunta de Galicia continuará coas súas contribucións no marco dos convenios de acción humanitaria e emerxencia que se asinan anualmente con Farmacéuticos Mundi e ACNUR (no marco do cal en 2017 financiouse unha proposta de asistencia básica para a poboación refuxiada siria en Xordania, á que está previsto darlle continuidade no 2018). Ademais, tamén en 2017, publicouse unha convocatoria para financiar proxectos de acción humanitaria no exterior, na que se priorizaron as actuacións de apoio á poboación refuxiada que veñan a complementar o Plan de resposta coordinada ante a crise de refuxiados e migrantes en Europa. No marco desta convocatoria financiouse, entre outros, un proxecto para a *'Redución da vulnerabilidade das persoas refuxiadas a causa do conflito sirio e da poboación de acollida no Líbano, priorizando ás persoas que precisan dunha atención especial'*

Actualmente en Galicia hai 212 persoas solicitantes de asilo que participan no programa de reubicacións e reasentamentos do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, repartidas entre as catro provincias galegas. Trátase de familias de nacionalidades diversas e en moitos casos con menores a cargo.

Este programa está xestionado por entidades de ámbito estatal e concretamente en Galicia estase a realizar a través de Cruz Roja, Accem e Provivienda. A Xunta de Galicia colabora con estas entidades facilitando o acceso aos servizos que precisan estas persoas e removendo os posibles atrancos que puideran xurdir nesta primeira acollida, entre os que



destacamos os recursos residenciais que facilita o IGVS en distintas localidades, a escolarización dos menores e o acceso as prestacións sanitarias.

Neste momento moitas das persoas que temos en Galicia están aínda na fase de primeira acollida, que dura seis meses, e polo tanto esta competencia corresponde ao estado. O financiamento da primeira fase de acollida, e tamén a da segunda fase, chamada de integración, realízase a través do Fondo para o Asilo e Migracións (FAMI) que xestionan conxuntamente o Ministerio de Emprego e Seguridade Social e o Ministerio do Interior.

Na segunda fase, de integración, a Xunta de Galicia ademais de poñer a súa disposición os recursos que se garanten para todos os galegos e galegas, como son o acceso aos servizos sociais, educación e sanidade, tamén permite que participen nos recursos para a inclusión e integración da poboación inmigrante que xestiona a Consellería de Política Social a través de dúas convocatorias de subvencións de carácter plurianual: unha dirixida a entidades de iniciativa social e outra dirixida a corporacións locais, que permiten desenvolver diferentes accións de inclusión sociolaboral, como actividades formativas e prelaborais, mediación intercultural ou asesoramento legal.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2018 12:20
Nº Rexistro: 29790
Data envío: 20/04/2018 12:20:11.833

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/04/2018 12:20:07



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 12775**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a vixencia e funcionamento do Plan de emerxencia para Alcoa, do ano 2012”**, (publicada no BOPG número 158 do 4 de agosto de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“O plan de emerxencia exterior do depósito de lodos vermellos de Alcoa en Xove, redactado conforme ao Real Decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras, foi aprobado polo Decreto 87/2012, do 23 de febreiro. O seu obxectivo é prever a estrutura organizativa e os procedementos de actuación dos medios e recursos externos para dar resposta ás situacións de emerxencia derivadas do fallo nos diques que pechan o depósito, establecer os sistemas de articulación coas organizacións das administracións municipais e definir os criterios para a elaboración dos plans de actuación municipal daquelas, especificar os procedementos de información á poboación sobre as medidas de seguridade que se deban tomar e sobre o comportamento que se debe adoptar en caso de accidente, catalogar os medios e recursos específicos á disposición das actuacións previstas e garantir a implantación e o mantemento do plan. Este plan, como todos os plans de protección civil vixentes, é público e pode consultarse a través da web da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Unha vez aprobado, comeza a fase de implantación do plan, que se traduce na formación e información aos grupos operativos previstos no plan, a instalación das sirenas de aviso á poboación, a campaña divulgativa á veciñanza, a elaboración de plan de actuación municipal do concello de Xove e a realización dun simulacro.

A campaña de información á poboación levouse a cabo durante o ano 2013, e consistiu no desenvolvemento dun plan de comunicación que contiña as fases de análise, planificación, consenso, e implantación, e que baixo o lema 'A información é seguridade', desenvolveuse de acordo coas directrices fixadas na lexislación europea, española e galega ao respecto.

Unha vez desenvolvida a campaña de información á poboación, levouse a cabo un simulacro o día 3 de febreiro de 2015, co fin de comprobar a correcta coordinación entre o Plan de Emerxencia Interior do depósito e o Plan de Emerxencia Exterior, os procedementos de activación, mobilización e constitución dos Grupos Operativos, adestramento ao persoal dos diferentes Grupos e centros de coordinación do PEE nas tarefas asignadas así como do sistema de comunicacións e a correcta aplicación das medidas de protección á poboación e demais sectores afectados.

En relación ao suceso ao que se refire á pregunta, cómpre sinalar que o día 6 de xullo do ano 2017 produciuse unha fuga nunha das conducións cara ao depósito de lodos vermellos, debido a un poro na tubería.

Avaliada a información recibida por parte dos medios presentes no lugar, non se activou o plan de emerxencias do depósito de lodos vermellos, pois o depósito non estaba en risco. A emerxencia estaba tipificada como verquido, e non era necesario adoptar as medidas de protección á poboación recollidas no plan de emerxencias.

As sirenas de aviso á poboación, polo tanto, non foron activadas, ao constituír unha medida de aviso para o caso de que estea en perigo de rotura o depósito. Nese caso, o seu son indica ás poboacións do entorno, e mesmo as industrias, a necesidade de evacuar a zona. O verquido producido non supuxo perigo para o depósito, e, polo tanto, non existía necesidade de evacuar á veciñanza.

Polo que atinxe á mobilización de medios, a chamada de aviso ao CIAE112 tivo lugar ás 9:54. Neses intres contactouse coa empresa Alcoa e mobilizouse ao Grupo de Emerxencias Supramunicipal de Cervo, o SPEIS de Viveiro, AVPC de Xove, así como, segundo procedemento para verquidos, á empresa SOGARISA, a técnicos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Policía Autonómica, Garda Civil, e persoal de Emerxencias da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.



Ao chegar ao punto o SPEIS de Viveiro informou ao CIAE112 que xa se atopaban no lugar dous operarios de Alcoa. Posteriormente, ás 10:33, o responsable do GES de Cervo indica que a fuga está cortada e que xa había unha pá, maquinaria, que aportou a empresa Alcoa, para recoller o verquido. Así mesmo, cunha retroescavadora alzouse unha barreira para evitar que o verquido afectara ao río.

Os medios presentes no punto confirmaron ao CIAE112 que o verquido afectou a 300 m2 en propiedades particulares.

A pronta actuación dos medios de intervención públicos mailos medios propios da empresa evitou que houbera contaminación asociada ao verquido. Os labores de recollida se prolongaron ata o mediodía do día seguinte, garantindo a total retirada dos lodos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 29870
Data envío: 23/04/2018 14:50:04.489

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/04/2018 14:50:00



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 4042**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a presenza da lingua galega nas salas de cinema comerciais”**, (publicada no BOPG número 59 do 3 de febreiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento – na sesión da Comisión 4ª do 19.04.2018- ao darlle resposta á pregunta 19354 sobre similar tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/04/2018 09:30
Nº Rexistro: 29980
Data envío: 25/04/2018 09:11:02.231

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/04/2018 9:10:57



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 5312**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas e as actuacións levadas a cabo e as previstas polo Goberno galego en relación coas queixas do sector do marisqueo a flote da ría de Vigo referidas aos prexuízos ocasionados polo peche pola Consellería do Mar dos bancos marisqueiros sen previo aviso, por causa das obras de construción do emisario submarino da depuradora de Lagares, o modelo de sinalización destas e a súa afección neles”**, (publicada no BOPG número 76 do 2 de marzo de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada polas **Consellerías do Mar e a de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“Ante a necesidade de acometer actuacións e realizar obras nos sistemas de saneamento (estacións depuradoras de augas residuais urbanas e industriais, redes de saneamento, pozos de bombeo, etc.) que permitan o seu mantemento en condicións óptimas e garantan a realización dos vertidos de augas residuais ao dominio público segundo as prescricións e directrices das autorizacións de vertido, **Augas de Galicia**, que é o organismo competente para outorgar a autorización necesaria para realizar as obras e instalacións de vertidos dende terra ás augas do litoral galego e o exercicio das funcións de policía sobre eles, elaborou o **‘Protocolo de Actuacións para o Vertido de Augas Residuais ao Dominio Público por labores extraordinarias de mantemento dos Sistemas de Saneamento’**. No caso de vertidos de augas residuais ás rías de Galicia, de acordo co establecido no punto 2.1 do protocolo, consultárase a Consellería do Mar, para que valore as actuacións propostas no que respecta á idoneidade das datas previstas.

O vertido puntual de augas residuais de Vigo durante as obras de ampliación e modernización da depuradora estaba programado dende facía tempo, sen embargo, sufriu modificacións de última hora en canto aos puntos de vertido e a data de execución das

actuacións, que finalmente se iniciaron o 15 de febreiro. No marco do programa de control organizouse a toma de mostras en diferentes puntos da ría durante os días 16, 17, 20, 22, 24 e 27 para a análise microbiolóxica dos moluscos bivalvos da parte media e externa da ría de Vigo para avaliar o impacto da incidencia. Os resultados deste seguimento mostraron que unicamente o polígono de bateas Cangas H presentou resultados anormais se ben, na data do 22/02/2017, xa tiña recuperado o nivel habitual. No resto das zonas de produción analizadas non se detectaron diferenzas significativa entre os resultados anteriores e posteriores ao vertido, e en ningún caso se superou o límite establecido na lexislación vixente para a clasificación microbiolóxica das zonas de clase B.

Os períodos nos que non se puido mariscar polo informe desfavorable emitido polo Intecmar como medida precautoria foron os seguintes:

- 15,16 de febreiro para o marisqueo a pe nos bancos situados entre Toralla e Bouzas.
- 15,16,20,21,22 de febreiro para marisqueo a pe nos bancos situados na zona externa da ría de Vigo.
- 15,16,20,21,22 de febreiro para o marisqueo de longueirón no banco de Samil.
- 15,16,17,20,20,21,22 de febreiro para o marisqueo da anémona na zona de Toralla e O Bao.

A repercusión dos peches da actividade extractiva nunha parte da ría de Vigo, foi diferente para cada plan de explotación. Os días do mes de febreiro anulados no plan de marisqueo a pe puideron ser recuperado nos meses seguintes xa que neste plan non tiñan previsto traballar mais de 150 xornadas ao longo do ano. No plan de marisqueo a flote tiveron que cambiar de zona e desprazarse aos bancos situados no interior da ría. No plan de extracción de longueirón puideron ser recuperados nos meses seguintes xa que neste plan non tiñan previsto traballar mais de 55 xornadas ao longo do ano. Por último, no plan de extracción de anémona tamén puideron ser recuperados nos meses seguintes xa que neste plan non tiñan previsto traballar mais de 5 xornadas a pé e 50 xornadas a mergullo ao longo do ano.

No que respecta a sinalización das actividades desenvolvidas pola empresa que instalou o emisario submarino da EDAR de Vigo, a Consellería de Mar non ten competencias ao respecto, o responsable da seguridade no tráfico marítimo lle corresponde á 'Subdirección




General de Seguridad, Contaminación e Inspección Marítima' do 'Ministerio de Fomento'. A competencia que ten a nosa Consellería limitábase a regular, en continuidade co disposto pola UE, a sinalización das artes de pesca e marisqueo.

Por outra banda, en canto á suposta mortalidade de ameixa rubia e a súa suposta vinculación coa depuradora do Lagares, sinalar que no Intecmar non se notificou ningún episodio de mortalidade de ameixa rubia na ría de Vigo ao longo do ano 2017.

Neste punto cabe lembrar que no ano 2012 a Consellería do Medio Rural e do Mar encargaron, a investigadores do CIMA, a acción de investigación '*Análise preliminar da problemática de diminución da produción de ameixa rubia (Venerupis rhomboides) na ría de Vigo*'. Os resultados deste estudo presentaron en conxunto abundancias de poboación moi reducidas e, en moitos casos, estruturas de tamaños desequilibrados, suxerindo a existencia dun déficit na incorporación de xuvenís á fracción comercial. O estudo histopatolóxico levado a cabo en estas poboacións mostrou a presenza de Colonias Procariotas Intracelulares na branquia (CPI-I) con prevalencias moi altas e Intensidades de infección moderadas e baixas, así como Colonias Procariotas Intracelulares hiperparasitadas por un virus (CPI-II). As CPI-I e CPI-II xa foran detectadas no 2010 e 2011 asociadas a mortalidades.

Como continuación dese estudo preliminar, no ano 2013 pónse en marcha a acción de investigación '*Estudio epidemiolóxico da ameixa rubia (Venerupis romboides) en Galicia afectada por colonias procariotas intracelulares (CPI). Identificación das CPI. Seguimento da estrutura de tallas de poboacións de ameixa rubia de 4 bancos da ría de Vigo*' para profundar no estudo da ameixa rubia na ría de Vigo. Cos seguintes resultados:

- Rexistrouse un descenso da intensidade das CPI-I a partir do ano 2012 ata o ano 2015 (en Cabo do Mar), coincidindo coa melloría detectada no estudo da poboación.
- A presenza de CPI-I e CPI-II é normal en ameixa rubia xa que se atopan prevalencias altas indistintamente en bancos afectados por mortalidade e en bancos control.
- É o aumento da intensidade de infección do CPI-I o que desemboca nos episodios de mortalidade.
- Descenso das capturas na ría de Vigo en 2016 con respecto a 2015 ao contrario que o resto de Galicia.



Por último, a Consellería de Medio Ambiente informa que a nova EDAR de Vigo, que foi inaugurada o pasado mes de marzo e está actualmente en fase de posta en marcha, dá cumprimento á directiva europea sobre saneamento de augas residuais urbanas, en especial, no referente á calidade microbiolóxica necesaria para cumprir cos requisitos de calidade da cría de moluscos e as augas de baño.

Esta infraestrutura conta cunha capacidade de tratamento para 800.000 habitantes equivalentes e unha capacidade de ata 12 m3/s en situación de choivas, o que supón tratar todas as augas residuais conducidas pola rede de colectores e evitar os alivios directos na desembocadura do río Lagares. Coa posta en marcha desta infraestrutura hidráulica, a calidade das masas de auga da ría de Vigo mellorará considerablemente, e, polo tanto, a actividade marisqueira.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2018 12:19
Nº Rexistro: 29789
Data envío: 20/04/2018 12:19:51.630

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/04/2018 12:19:47



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 17226**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os datos referidos á concesión e denegación das subvencións convocadas na Orde do 30 de decembro de 2016, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para contribuír a mellorar a calidade de vida local e fomentar e dinamizar o asociacionismo veciñal, destinadas ás asociacións veciñais, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños de Galicia, comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres rurais de Galicia, así como os mecanismos da Xunta de Galicia para o seu control”**, (publicada no BOPG número 188 do 6 de outubro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta rexistrou un total de 804 solicitudes presentadas ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2016, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, dentro do Plan específico de acción comunitaria destinada a asociacións de veciños, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños de Galicia, comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres rurais de Galicia.

En total, tal e como figura na Resolución do 7 de febreiro publicada no Diario Oficial de Galicia do mércores 28 de febreiro, concedéronse axudas a un total de 231 proxectos, por un importe total de 2.390.239,16 euros. Esta cifra inclúe todas aquelas solicitudes presentadas completas, así como aquelas solicitudes que se completaron logo de

presentar documentación complementaria e que se recibiron na sede electrónica da Xunta de Galicia ata o 2 de febreiro de 2017 ás 12:11 horas.

Desestimáronse un total de 573 solicitudes. Desde o punto de vista xurídico-administrativo pódense establecer 3 categorías: desestimadas por terse esgotado o crédito; desistencias declaradas por non ter atendido o requirimento de emenda ou desistencias voluntarias; e inadmisión como consecuencia do incumprimento de requisitos ou condicións para acceder á condición de entidade beneficiaria.

Xa no que se refire aos mecanismos de control, as bases reguladoras prevén unha habilitación xenérica ao órgano tramitador -neste caso a Dirección Xeral de Administración Local- para a realización daquelas comprobacións que considere conveniente levar a cabo sobre a execución dos proxectos subvencionados. A Xunta de Galicia conta, polo tanto, con mecanismos de tipo normativo, como é a habilitación para comprobar o cumprimento da obriga de destino, así como de medios persoais e técnicos mediante os que levar a cabo inspeccións que inclúan estas comprobacións.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2018 12:17
Nº Rexistro: 29778
Data envío: 20/04/2018 12:17:56.894

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/04/2018 12:17:52



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 18220**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a decisión do Concello de Redondela respecto da exposición titulada A criminalización do pensamento”**, (publicada no BOPG número 192 do 13 de outubro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia respecta a autonomía local á hora de tomar as decisións que lle competen.

Segundo trasladou o propio concello de Redondela, inicialmente autorizouse sen ningún tipo de traba a instalación da exposición ‘A criminalización do pensamento’ no edificio multiusos de titularidade local, sen comprobar previamente os contidos da mesma e sen exercer, polo tanto, ningún tipo de censura.

Posteriormente, decidiuse a súa retirada porque se considerou que na mesma existían contidos ofensivos para un colectivo da poboación e que se podería estar incorrendo nun delito de fomento do odio.

A Xunta de Galicia non manifesta obxección a esta decisión, á vista das circunstancias expostas polo concello de Redondela, presupoñendo a súa veracidade.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: ce2b6ef3-1451-0936-f319-64d2c8f1a893

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2018 12:17
Nº Rexistro: 29777
Data envío: 20/04/2018 12:17:48.113

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/04/2018 12:17:30



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/04/2018 09:30
Nº Rexistro: 29976

Data envío: 25/04/2018 09:10:04.965

Data 25/04/2018 09:09

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 19356**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os datos referidos ao uso e presenza da lingua galega no cinema, así como o cumprimento do disposto no Plan xeral de normalización lingüística ao respecto, as razóns da Xunta de Galicia para desligar as axudas públicas dirixidas ao cinema da súa realización en lingua galega e as medidas adoptadas e previstas para cambiar esta situación”**, (publicada no BOPG número 204 do 2 de novembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 4ª do 19.04.2018- ao darlle resposta á pregunta 19354 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: a83565e6-7d92-d6e2-85a2-714a934afaf9

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/04/2018 09:30
Nº Rexistro: 29976
Data envío: 25/04/2018 09:10:04.965

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/04/2018 9:09:39



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 12773**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a fuga nunha das conducións de lodos vermellos cara a balsa de depósito de Alcoa”**, (publicada no BOPG número 156 do 2 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“O plan de emerxencia exterior do depósito de lodos vermellos de Alcoa en Xove, redactado conforme ao Real Decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras, foi aprobado polo Decreto 87/2012, do 23 de febreiro. O seu obxectivo é prever a estrutura organizativa e os procedementos de actuación dos medios e recursos externos para dar resposta ás situacións de emerxencia derivadas do fallo nos diques que pechan o depósito, establecer os sistemas de articulación coas organizacións das administracións municipais e definir os criterios para a elaboración dos plans de actuación municipal daquelas, especificar os procedementos de información á poboación sobre as medidas de seguridade que se deban tomar e sobre o comportamento que se debe adoptar en caso de accidente, catalogar os medios e recursos específicos á disposición das actuacións previstas e garantir a implantación e o mantemento do plan. Este plan, como todos os plans de protección civil vixentes, é público e pode consultarse a través da web da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Unha vez aprobado, comeza a fase de implantación do plan, que se traduce na formación e información aos grupos operativos previstos no plan, a instalación das sirenas de aviso á poboación, a campaña divulgativa á veciñanza, a elaboración de plan de actuación municipal do concello de Xove e a realización dun simulacro.

A campaña de información á poboación levouse a cabo durante o ano 2013, e consistiu no desenvolvemento dun plan de comunicación que contiña as fases de análise, planificación, consenso, e implantación, e que baixo o lema 'A información é seguridade', desenvolveuse de acordo coas directrices fixadas na lexislación europea, española e galega ao respecto.

Unha vez desenvolvida a campaña de información á poboación, levouse a cabo un simulacro o día 3 de febreiro de 2015, co fin de comprobar a correcta coordinación entre o Plan de Emerxencia Interior do depósito e o Plan de Emerxencia Exterior, os procedementos de activación, mobilización e constitución dos Grupos Operativos, adestramento ao persoal dos diferentes Grupos e centros de coordinación do PEE nas tarefas asignadas así como do sistema de comunicacións e a correcta aplicación das medidas de protección á poboación e demais sectores afectados.

En relación ao suceso ao que se refire á pregunta, cómpre sinalar que o día 6 de xullo do ano 2017 produciuse unha fuga nunha das conducións cara ao depósito de lodos vermellos, debido a un poro na tubería.

Avaliada a información recibida por parte dos medios presentes no lugar, non se activou o plan de emerxencias do depósito de lodos vermellos, pois o depósito non estaba en risco. A emerxencia estaba tipificada como verquido, e non era necesario adoptar as medidas de protección á poboación recollidas no plan de emerxencias.

As sirenas de aviso á poboación, polo tanto, non foron activadas, ao constituír unha medida de aviso para o caso de que estea en perigo de rotura o depósito. Nese caso, o seu son indica ás poboacións do entorno, e mesmo as industrias, a necesidade de evacuar a zona. O verquido producido non supuxo perigo para o depósito, e, polo tanto, non existía necesidade de evacuar á veciñanza.

Polo que atinxe á mobilización de medios, a chamada de aviso ao CIAE112 tivo lugar ás 9:54. Neses intres contactouse coa empresa Alcoa e mobilizouse ao Grupo de Emerxencias Supramunicipal de Cervo, o SPEIS de Viveiro, AVPC de Xove, así como, segundo procedemento para verquidos, á empresa SOGARISA, a técnicos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Policía Autonómica, Garda Civil, e persoal de Emerxencias da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.



Ao chegar ao punto o SPEIS de Viveiro informou ao CIAE112 que xa se atopaban no lugar dous operarios de Alcoa. Posteriormente, ás 10:33, o responsable do GES de Cervo indica que a fuga está cortada e que xa había unha pá, maquinaria, que aportou a empresa Alcoa, para recoller o verquido. Así mesmo, cunha retroescavadora alzouse unha barreira para evitar que o verquido afectara ao río.

Os medios presentes no punto confirmaron ao CIAE112 que o verquido afectou a 300 m2 en propiedades particulares.

A pronta actuación dos medios de intervención públicos mailos medios propios da empresa evitou que houbera contaminación asociada ao verquido. Os labores de recollida se prolongaron ata o mediodía do día seguinte, garantindo a total retirada dos lodos .”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 29872
Data envío: 23/04/2018 14:50:22.942

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/04/2018 14:50:18



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13081**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Paula Prado del Río e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións realizadas e previstas pola Xunta de Galicia en materia de formación do persoal dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais”**, (publicada no BOPG número 158 do 4 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“O convenio de colaboración subscrito o 29 de decembro do 2015 entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e as deputacións provinciais en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais para a creación e implantación dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES), trata, no seu Anexo II, a formación dos integrantes dos GES.

Entre outras disposicións, o convenio establece que, unha vez superado o proceso de selección e con carácter previo ao seu ingreso no grupo, os admitidos realizarán un curso de carácter teórico-práctico que se impartirá pola Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) baixo a denominación ‘Intervención en emerxencias’. Pertence á Familia Profesional Seguridade e Medio Ambiente e Área profesional Protección Civil, sendo a duración total de 70 horas (50 prácticas e 20 teóricas) divididos en catro módulos formativos: incendios urbanos e industriais, incendios forestais, accidentes de tráfico e primeiros auxilios.

A Xunta de Galicia asume, a través da AGASP, o custo desta formación apostando pola profesionalidade do persoal que forma parte dos GES e realizando todas aquelas edicións

que a comisión de seguimento do convenio considerou axeitadas ata o momento, debido a necesidade de incorporar persoal aos GES. Así, entre 2013 e 2017 realizáronse un total de 26 cursos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2018 13:47
Nº Rexistro: 29808
Data envío: 20/04/2018 13:47:57.788

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/04/2018 13:47:41



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13959**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o compromiso do Goberno galego de impulsar unha medida que favoreza que a porcentaxe de licitacións de redacción de proxectos de arquitectura ou urbanismo aumente cada ano un 10% ata o 2020”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Os anos de crise económica afectaron ao conxunto da sociedade, tendo unha incidencia significativa no sector da construción, que veu reducida a súa actividade.

Á hora de tratar a contratación de proxectos por parte da administración pública, cómpre en primeiro termo distinguir entre concursos de proxectos e contratos de servizo de redacción de proxectos.

Nos concursos de proxectos, perséguese estimular a creatividade dos profesionais da arquitectura, dar a posibilidade ao sector de participar na creación da idea e de valorar positivamente aquelas formulacións que teñan un alto valor arquitectónico e estético, non esixíndose máis requisitos que, loxicamente, estar en posesión do título de arquitecto/a superior. Por iso, nestes concursos, preténdese garantir a participación máxima posible, permitindo aos novos talentos mostrar as súas ideas. En definitiva, non existe restrición algunha á participación de arquitectos e arquitectas novos e novas neste tipo de concursos.

Cuestión distinta son os contratos de servizo de redacción de proxectos. Nestes casos, é de aplicación o artigo 78 da Lei de Contratos do Sector Público que establece a solvencia técnica ou profesional nos contratos de servizos. O citado artigo sinala que a solvencia técnica ou profesional dos empresarios deberá acreditarse, segundo o obxecto do contrato,

por un ou varios dos medios que sinala no propio artigo e a elección del órgano de contratación.

Non obstante, na Xunta de Galicia, na maioría dos casos permítese acreditar a solvencia unicamente mediante a titulación académica, que é o medio máis aberto dos previstos no citado artigo, se ben a solvencia específica que se require dependerá da envergadura do correspondente proxecto.

Así, os pregos dos concursos teñen a finalidade de garantir á cidadanía os mellores resultados, tanto do investimento coma do obxecto que se pretenden.

Neste marco, os distintos departamentos da Xunta de Galicia manteñen un constante contacto co Colexio de Arquitectos de Galicia para comentar as incidencias que xorden en materia de contratación da redacción de proxectos.

No anos 2016 e 2017 o Goberno galego adxudicou un total de 411 contratos para a redacción de proxectos.

Polo que atinxe á posta en marcha de accións de fomento de participación de novos e novas profesionais e de pequenos estudos nos procesos de adxudicación de obra pública, cómpre sinalar que o Goberno galego está a avanzar nesta cuestión na liña do acordo parlamentario número 11240 aprobado polo Parlamento de Galicia en setembro do pasado ano:

‘O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que:

— Estableza convenios cos colexios profesionais dos campos da arquitectura, o urbanismo e a enxeñaría para promover e fomentar concursos de ideas, comprometéndose a un incremento progresivo deles ata acadar a porcentaxe do 20 %, sempre que sexa posible en atención ás actuacións que se executen, do total das contratacións de proxectos de arquitectura, urbanismo ou enxeñaría, no horizonte do ano 2020.

— Os órganos de contratación da Administración xeral da Comunidade Autónoma e do seu sector público adopten e poñan en práctica medidas de discriminación positiva nos procesos de contratación, que favorezan o acceso, ou a presenza, nas contratacións de proxectos e obra pública dos profesionais novos e novas, así como dos pequenos estudos de arquitectura.’



Bo exemplo destas prácticas foi o concurso de ideas para reformar o Hospital Xeral de Vigo e convertelo na Cidade da Xustiza, e proximamente convocarase no formato de concurso de ideas a reforma interna do Complexo Administrativo de San Caetano, ao tempo que se traballa nun acordo a aprobar polo Consello da Xunta de Galicia para o incremento progresivo do emprego desta fórmula.

Por último, cómpre incidir en que o Goberno galego ten como premisa básica para todas as súas intervencións que os resultados sexan o máis satisfactorios posibles para o interese público e social.

Neste marco, a fórmula do concurso de ideas constitúe unha das opcións á disposición da administración, xunto con outras que, dependendo das complexidades e particularidades do proxecto en cuestión, poden resultar máis acaídas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 29869
Data envío: 23/04/2018 14:49:56.145

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/04/2018 14:49:52



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14022**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“un aumento do financiamento para a adquisición de medios materiais para as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A prestación conxunta do servizo de policía local xa aparece recollida no artigo 22 bis da Lei 4/2007, do 29 de abril, de coordinación de policía locais, logo da súa modificación pola Lei 9/2016, do 8 de xullo.

Cuestión distinta é a posibilidade de reforzar o cadro de persoal policial dalgún concello de forma temporal, que xa estaba recollida na propia Lei 4/2007, que no seu artigo 6 contemplaba a posibilidade de acordos entre concellos, para que o seu persoal puidese actuar no territorio doutros, de cara a reforzar a insuficiencia temporal de persoal.

En todo caso, cómpre lembrar que cada corpo de policía local depende do seu concello respectivo, que é a administración que debe dotalos de todos os medios necesarios.

Neste marco, á Xunta de Galicia correspóndelle a coordinación de todos os corpos para procurar unha imaxe, estrutura, réxime estatutario e funcións máis homoxéneas dos mesmos.

Malia non ostentar, polo tanto, o Goberno galego a competencia no que atinxe á dotación de medios, está a colaborar periodicamente cos concellos, dotando de vehículos e de motocicletas policiais a aqueles corpos de policía local que acreditan a súa necesidade e

oportunidade, sempre que o Goberno galego teña dispoñibilidade económica para afrontar estas dotacións.

Neste sentido, cómpre ter en conta que ao longo do ano 2015 se entregaron 58 vehículos e 26 motocicletas a outros tantos concellos, o que supuxo dotar a máis do 50% dos corpos de policía local dalgún vehículo ou motocicleta, feito que nunca antes se tiña producido nesta magnitude por parte da Xunta de Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2018 12:19
Nº Rexistro: 29785
Data envío: 20/04/2018 12:19:15.442

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/04/2018 12:19:11



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14103**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o uso do labor dos tradutores xudiciais como instrumento para resolver o escaso uso do galego na Administración de Xustiza en Galicia”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia mantén un pleno compromiso co exercicio do dereito ao uso do galego en xuízos, por parte de calquera persoa ou profesional do dereito, tal e como se ten manifestado en diversas ocasións.

A Administración autonómica promove diversas actuacións para garantir a cooficialidade das dúas linguas e o uso da lingua habitual da cidadanía nos termos previstos pola propia Lei orgánica do poder xudicial (art. 231).

Son coñecidos os recursos de consulta de aspectos, tanto gramaticais como léxicos, postos a disposición dos traballadores da Administración de xustiza a través da rede corporativa para facilitar e promover o uso do galego. Trátase de recursos como dicionarios, correctores ortográficos, tradutores automáticos ou mesmo o ‘Foro de Lingua’, no que se ofrece material lingüístico. Tamén se teñen distribuído textos legais en galego, así como se ten elaborado un repertorio de lexislación de ámbito estatal en lingua galega daqueles textos normativos de uso cotián que non tiñan publicada versión en galego.

Tamén se ten potenciado o servizo de tradución co que conta a Administración de xustiza en Galicia que traballa de xeito directo cos órganos xudiciais (en 2017, 868 traducións de

castelán a galego e 625 de galego a castelán), ademais de nas tarefas de tradución e interpretación, proporcionando asesoramento lingüístico e resolución de dúbidas.

Neste último eido, realízanse labores de revisión de documentos elaborados en galego (ao longo do ano 2017 revisaron 801 documentos en galego), entre outras actuacións de normalización e dinamización lingüística.

No que se refire ás sentenzas e documentación xudicial ditadas en lingua galega, son datos que corresponden ao Consello Xeral do Poder Xudicial, a quen compete a custodia e tratamento destes documentos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2018 12:18
Nº Rexistro: 29783
Data envío: 20/04/2018 12:18:42.692

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/04/2018 12:18:38



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14109**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o número de nenos e nenas que o curso pasado quedaron sen praza definitiva en escolas públicas de educación infantil na provincia de Pontevedra”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Axencia Galega de Servizos Sociais conta con 3 escolas na cidade de Pontevedra, a El O Toxo e a El Campolongo con 214 prazas e a El do Edificio Administrativo da Xunta en Pontevedra con 36, un total de 250 prazas máis 237 pertencentes ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

A estas hai que engadir as 94 prazas sostidas con fondos públicos nunha escola de iniciativa social e 34 prazas concertadas en 3 escolas privadas que suman en total 615 prazas.

As prazas de educación infantil de 0-3 anos en centros de titularidade privada segundo datos extraídos do Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) ascenden a 402 (descontadas 94 dependentes de EPIS que están sostidas con fondos públicos e 34 concertadas)

O curso pasado ningunha persoa solicitante de praza de escola infantil 0-3 sostida con fondos públicos que marcara a opción do Bono concilia quedou en lista de agarda.

No curso 2017/2018 concedéronse para a cidade de Pontevedra 95 Bonos concilia para que as familias que o solicitaron acudiran á escola privada da súa elección. A concesión foi pola totalidade das solicitudes recibidas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/04/2018 09:30
Nº Rexistro: 29979
Data envío: 25/04/2018 09:10:52.590

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/04/2018 9:10:47



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14153**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, sobre **“a eliminación da presenza de menores de seis anos en centros de menores durante a X Lexislatura”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia aposta firmemente polo acollemento familiar para a atención de menores que deben estar temporalmente separados da súas familias de orixe.

O acollemento familiar é unha medida de protección para nenos e nenas que non poden ou non é conveniente que vivan cos seus pais.

Proba desta aposta polo acollemento familiar é o incremento orzamentario nesta materia nos últimos anos e que o 56 % dos menores do sistema de protección están en acollemento familiar.

Respecto do aumento orzamentario, no 2017 incrementouse a compensación económica do acollemento familiar no tramo máis numeroso de menores acollidos, de 3 a 18 anos, pasando de 240 a 280 euros mensuais por menor.

Por outra banda, no 2018 modificouse a circular que regulaba as retribucións por acollemento no sentido de tentar chegar ao maior número de familias.

A Xunta de Galicia nos orzamentos deste ano 2018 reforza a partida destinada ao acollemento familiar cun novo incremento dun millón de euros, chegando aos 3.400.000 euros.

Ademais, o 1 de xaneiro de 2018 entrou en vigor a nova circular que regula o acollemento familiar na que se mellora o sistema de pagamento co obxectivo de que a familia extensa perciba unha axuda en todos os casos nos que os seus ingresos per cápita sexan inferiores a 7.500 euros. Esta medida beneficiará ao 95 % das familias acolledoras.

As medidas que se implementaron neste exercicio veñen a darlle continuidade ás adoptadas no 2017, no que o Goberno galego incrementou nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia a partida para as familias acolledoras un 9%, ata chegar aos 2.400.000 euros. Unha mostra clara do compromiso da Xunta de Galicia co dereito de todo menor a ter unha familia.

Os datos de acollemento familiar no 2017 son os seguintes:

ACOLLEMENTO FAMILIAR	1357	FAMILIA EXTENSA	1114
		FAMILIA ALLEA	243

”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 30176
Data envío: 27/04/2018 14:48:42.283

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/04/2018 14:48:38



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14228**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a posibilidade de mudar os criterios establecidos nas circulares da Consellería de Política Social, de xeito que nos casos de acollemento de menores as prestacións económicas non dependan das rendas familiares nin de se existen ou non vínculos de parentesco entre acolledores e menores”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia nos orzamentos deste ano 2018 reforza a partida destinada ao acollemento familiar cun novo incremento dun millón de euros, chegando aos 3.400.000 euros.

Ademais, o 1 de xaneiro de 2018 entrou en vigor a nova circular que regula o acollemento familiar na que se mellora o sistema de pagamento co obxectivo de que a familia extensa perciba unha axuda en todos os casos nos que os seus ingresos per cápita sexan inferiores a 7.500 euros. Esta medida beneficiará ao 95 % das familias acolledoras.

As medidas que se implementaron neste exercicio veñen a darlle continuidades ás adoptadas no 2017, no que o Goberno galego incrementou nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia a partida para as familias acolledoras un 9%, ata chegar aos 2.400.000 euros. Unha mostra clara do compromiso da Xunta de Galicia co dereito de todo menor a ter unha familia.

Así, no mes de abril de 2017, incrementábase a remuneración dos acollementos de menores na franxa de idade máis numerosa (3-18 anos) pasando de 240 a 280 euros.

Ao tempo, reforzábase o programa de apoio ao acollemento en familia extensa cun novo equipo en Santiago de Compostela, o que permitiu atender a un maior número de casos, que pasaron de 80 a 100.

A través deste programa e do que traballa coa familia extensa, poténciase o acollemento familiar en familia extensa, reforzando a formación, orientación, asesoramento e apoio especializado ás familias e aos propios menores.

A Xunta de Galicia aposta firmemente polo acollemento familiar e así o demostra o feito de que do total de menores tutelados pola Administración o 56% atópanse en acollemento familiar, sendo o 85% dos acollementos familiares na familia extensa do menor”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/04/2018 09:30
Nº Rexistro: 29977
Data envío: 25/04/2018 09:10:32.325

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/04/2018 9:10:21



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2018 09:30
Nº Rexistro: 30056
Data envío: 26/04/2018 09:21:54.425

Data 26/04/2018 09:21

g o i i c i b

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14250**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas que ten previsto poñer en marcha o Goberno galego para incrementar a creación de escolas infantís de 0 a 3 anos en parques empresariais”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“As axudas convocadas a través da Orde do 14 de xuño de 2016 pola que se regulan as bases que rexerán a concesión de axudas económicas para creación de escolas infantís 0-3 en polígonos industriais e parques empresariais, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, presentáronse un total de 5 solicitudes das cales dúas acadaron unha valoración favorable: a Fundación Parque Científico Tecnolóxico Río do Pozo e a Asociación de empresas do Polígono Industrial da Tomada. As tres restantes tivéronse por desistidas da súa solicitude por non achegar, logo de requirimento, documentación preceptiva.

A Xunta de Galicia seguirá impulsando a creación de escolas infantís 0-3 en polígonos industriais e parques empresariais, no convencemento de que esta iniciativa favorece que as familias poidan ter un lugar de atención aos seus fillos/as menores de tres anos preto do lugar do seu posto de traballo e polo tanto que as persoas compatibilicen a súa vida persoal e familiar coa profesional. Ademais contribúe a crear contornos laborais máis atractivos e eficientes a través dunha mellor administración do capital humano das empresas. Así mesmo, como potenciais beneficiarias, reforzará a información sobre estas axudas ás

asociacións empresariais e entidades representantes de parques empresariais e polígonos industriais de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2018 09:30
Nº Rexistro: 30056
Data envío: 26/04/2018 09:21:54.425

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/04/2018 9:21:47



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 15567**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“o tipo de actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias detectadas na xestión e funcionamento do servizo de atención de emerxencias”**, (publicada no BOPG número 174 do 13 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Na actualidade está en funcionamento o Grupo de Traballo en materia de emerxencias, creado na Comisión Galega de Protección Civil, ao amparo do artigo 10 do Decreto 101/2016, do 21 de xullo, polo que se regulan os órganos administrativos de coordinación, colaboración administrativa e asesoramento en materia de protección civil e emerxencias.

A finalidade deste Grupo é concretar e definir, entre outras cuestións, os 3 aspectos organizativos, funcionais e operativos que son básicos para a atención ás emerxencias:

1. O modelo de atención ás emerxencias
2. O mapa dos servizos de atención ás emerxencias
3. O establecemento e actualización de protocolos de actuación e de coordinación nas mobilizacións e intervencións.

Preténdese deste xeito definir e concretar un mapa no que se determinen os servizos de atención ás emerxencias de Galicia, o máis racional e operativo posible, sen ter en conta a dependencia administrativa dos medios.

Con este obxecto se fai preciso racionalizar e optimizar os recursos xa existentes, ou no seu caso crear novos grupos de intervención que permitan a prestación dun servizo profesional

cunha isócrona que non supere os 30 minutos na atención da emerxencia que sexa. Esta cuestión xa foi estudada e consensuada no grupo de Traballo citado, chegándose a conclusión de que as 2 vías para resolver esta problemática son as seguintes:

a) Comarcalización dos parques de bombeiros das grandes cidades, para que faciliten cobertura directa aos concellos da súa zona de influencia que se atopen nunha isócrona inferior aos 20 minutos.

b) Reordenación dos servizos de atención actuais ou creación doutros novos, en función das posibles necesidades, do tamaño e tipoloxía da poboación e do territorio.

Por outra banda, en relación ao do Centro Integrado de Atención ás Emerxencias (CIAE 112) ás novas instalacións da Estrada, cómpre sinalar que este realizouse no mes de abril de 2017 e tivo como obxectivo dispoñer de máis e mellores recursos para atender ás emerxencias en Galicia.

Como é coñecido, o traslado desde a antiga sede de San Marcos era xa unha actuación prevista en 2005, e cuxo traslado se chegou a prever e organizar durante a época do goberno bipartito. O gasto do actual Centro quedou moi lonxe daquel proxecto de 18 millóns só en obra que barallaba o goberno bipartito para o traslado ao Concello de Oroso. A nova sede da Estrada tivo un custo global duns 12 millóns de euros sumando non só a obra, senón tamén todo o investimento que se fixo no ano 2015 no edificio en mobiliario e infraestrutura TIC.

Así pois, non foi este goberno o que adoptou a decisión de trasladar estes servizos senón o que tomou a decisión de facelo dun xeito racional e responsable, aproveitando os recursos existentes e posibilitando que o proxecto tivese menos custo para as arcas públicas e moita máis efectividade.

Dende que se produciu o traslado, a plataforma funciona con normalidade, sen que se produciran incidencias salientables malia que, como en todo sistema novo, sempre hai marxe de mellora. Neste traslado, e coma sempre en materia de emerxencias, a Xunta de Galicia priorizou, por riba de todo, a seguridade da cidadanía.



Por outra banda, cómpre salientar que persoal e empresa chegaron a un acordo a principios do pasado mes de xullo, para dar solución ao conflito laboral que existía. Dende a Xunta valórase que o servizo volvera á normalidade e que prevalecera o diálogo, tal e como defendeu desde o primeiro momento.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2018 12:18
Nº Rexistro: 29780
Data envío: 20/04/2018 12:18:14.691

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/04/2018 12:18:10



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 18219**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión da Xunta de Galicia en relación coa decisión do Concello de Redondela respecto da exposición titulada A criminalización do pensamento”** (publicada no BOPG número 191 do 11 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia respecta a autonomía local á hora de tomar as decisións que lle competen.

Segundo trasladou o propio concello de Redondela, inicialmente autorizouse sen ningún tipo de traba a instalación da exposición ‘A criminalización do pensamento’ no edificio multiusos de titularidade local, sen comprobar previamente os contidos da mesma e sen exercer, polo tanto, ningún tipo de censura.

Posteriormente, decidiuse a súa retirada porque se considerou que na mesma existían contidos ofensivos para un colectivo da poboación e que se podería estar incorrendo nun delito de fomento do odio.

A Xunta de Galicia non manifesta obxección a esta decisión, á vista das circunstancias expostas polo concello de Redondela, presupoñendo a súa veracidade.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2018 13:47
Nº Rexistro: 29806
Data envío: 20/04/2018 13:47:18.554

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/04/2018 13:47:13



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 19595**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a posible avaliación polo Goberno galego da necesidade de incorporar unha materia específica sobre prevención e tratamento da violencia machista nos estudos conducentes á capacitación profesional na función docente”**, (publicada no BOPG número 207 do 8 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento – na sesión da Comisión 4ª do 19.04.2018- ao darlle resposta á pregunta 24008 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 29867
Data envío: 23/04/2018 14:49:38,364

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/04/2018 14:49:33



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 14110**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a falta de prazas nas escolas públicas de educación infantil na provincia de Pontevedra e as medidas do Goberno galego para subsanar o problema”**, (publicada no BOPG número 167 do 1 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Axencia Galega de Servizos Sociais conta con 3 escolas na cidade de Pontevedra, a El O Toxo e a El Campolongo con 214 prazas e a El do Edificio Administrativo da Xunta en Pontevedra con 36, un total de 250 prazas máis 237 pertencentes ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

A estas hai que engadir as 94 prazas sostidas con fondos públicos nunha escola de iniciativa social e 34 prazas concertadas en 3 escolas privadas que suman en total 615 prazas.

As prazas de educación infantil de 0-3 anos en centros de titularidade privada segundo datos extraídos do Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) ascenden a 402 (descontadas 94 dependentes de EPIS que están sostidas con fondos públicos e 34 concertadas)

O curso pasado ningunha persoa solicitante de praza de escola infantil 0-3 sostida con fondos públicos que marcara a opción do Bono concilia quedou en lista de agarda.

No curso 2017/2018 concedéronse para a cidade de Pontevedra 95 Bonos concilia para que as familias que o solicitaron acudiran á escola privada da súa elección. A concesión foi pola totalidade das solicitudes recibidas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/04/2018 09:30
Nº Rexistro: 29978
Data envío: 25/04/2018 09:10:41.997

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/04/2018 9:10:37



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 14154**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“os datos relativos ás prazas existentes (cubertas e non cubertas) en centros de menores en Galicia e ao número de acollementos no ano 2016”**, (publicada no BOPG número 167 do 1 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social** que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia aposta firmemente polo acollemento familiar para a atención de menores que deben estar temporalmente separados da súas familias de orixe.

O acollemento familiar é unha medida de protección para nenos e nenas que non poden ou non é conveniente que vivan cos seus pais.

Proba desta aposta polo acollemento familiar é o incremento orzamentario nesta materia nos últimos anos e que de acordo cos datos do 2017 o 56 % dos menores do sistema de protección están en acollemento familiar. No 2016 a porcentaxe era do 55,23 %.

Respecto do aumento orzamentario, no 2017 incrementouse a compensación económica do acollemento familiar no tramo máis numeroso de menores acollidos, de 3 a 18 anos, pasando de 240 a 280 euros mensuais por menor.

Por outra banda, no 2018 modificouse a circular que regulaba as retribucións por acollemento no sentido de tentar chegar ao maior número de familias.

Mediante o acollemento, o neno ou nena pasa a convivir cunha familia distinta á súa, integrándose plenamente na vida familiar. A familia acolledora debe coidar ao menor, telo na súa compañía, educalo, e velar porque as súas necesidades estean atendidas.

É unha medida temporal, aínda que a súa duración pode ser moi diversa: poden durar desde uns días ou semanas (acollementos de urxencia mentres se valora a situación da ou do menor) ata varios anos, prolongándose ata a maioría de idade.

No acollemento familiar, mantéñense os vínculos de parentesco do ou da menor cos seus pais biolóxicos, considerándose unha medida de protección temporal.

Poden ser acollidos os menores de entre 0 e 18 anos, que temporalmente non poden ser atendidos polas súas propias familias, e que polo tanto quedan baixo a garda da Administración.

Por outra banda, respecto do tramo de idade para a que existen máis familias dispostas a acoller (nenos de 0-3 anos), hai que ter en conta que para cada caso se realiza unha valoración minuciosa e global da situación do menor, as súas circunstancias persoais e familiares e as perspectivas de reintegración familiar. Por iso, aínda que en termos xerais se considera que o acollemento é unha medida prioritaria, non é a medida máis axeitada en todos os casos. Así, o acollemento residencial, ademais de dar resposta ás necesidades do neno pode dar un apoio e servizo esencial de cara á familia de orixe para procurar a pronta reintegración do neno ao seu entorno.

Con base nos principios xerais da normativa estatal e autonómica de protección de infancia, a política da Xunta de Galicia é favorecer o acollemento familiar fronte ao residencial.

As 1.176 prazas de acollemento residencial distribuídas en 74 centros, están habitualmente ocupadas de media nun 97 % aproximadamente, polo que é importante manter os recursos de acollemento residencial, aínda que non deixemos de traballar para facer realidade o dereito de todos os menores de convivir nunha familia. Tamén debemos subliñar que estes acollementos residenciais son maioritariamente casas de familia cun máximo de 8 prazas que reproducen, na medida do posible, a convivencia dentro de calquera fogar galego.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2018 09:30
Nº Rexistro: 30057
Data envío: 26/04/2018 09:22:04.784

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/04/2018 9:21:59



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2018 09:30
Nº Rexistro: 30055
Data envío: 26/04/2018 09:21:42.675

Data 26/04/2018 09:21

g o i i c i b

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 14251**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as axudas económicas concedidas pola Xunta de Galicia para incrementar a creación de escolas infantís de 0 a 3 anos en parques empresariais”**, (publicada no BOPG número 167 do 1 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“As axudas convocadas a través da Orde do 14 de xuño de 2016 pola que se regulan as bases que rexerán a concesión de axudas económicas para creación de escolas infantís 0-3 en polígonos industriais e parques empresariais, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, presentáronse un total de 5 solicitudes das cales dúas acadaron unha valoración favorable: a Fundación Parque Científico Tecnolóxico Río do Pozo e a Asociación de empresas do Polígono Industrial da Tomada. As tres restantes tivéronse por desistidas da súa solicitude por non achegar, logo de requirimento, documentación preceptiva.

A Xunta de Galicia seguirá impulsando a creación de escolas infantís 0-3 en polígonos industriais e parques empresariais, no convencemento de que esta iniciativa favorece que as familias poidan ter un lugar de atención aos seus fillos/as menores de tres anos preto do lugar do seu posto de traballo e polo tanto que as persoas compatibilicen a súa vida persoal e familiar coa profesional. Ademais contribúe a crear contornos laborais máis atractivos e eficientes a través dunha mellor administración do capital humano das empresas. Así mesmo, como potenciais beneficiarias, reforzará a información sobre estas axudas ás

asociacións empresariais e entidades representantes de parques empresariais e polígonos industriais de Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2018 09:30
Nº Rexistro: 30055
Data envío: 26/04/2018 09:21:42.675

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/04/2018 9:21:38



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 15562**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“as actuacións e as medidas que vai levar a cabo o Goberno galego en relación cos problemas e deficiencias detectadas na xestión e funcionamento do servizo de atención de emerxencias desde o seu traslado ao novo centro da Estrada, as súas previsións para o conxunto dos servizos de emerxencias de Galicia, así como a reversión das privatizacións deses servizos asumindo a súa xestión directa”**, (publicada no BOPG número 175 do 14 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Na actualidade está en funcionamento o Grupo de Traballo en materia de emerxencias, creado na Comisión Galega de Protección Civil, ao amparo do artigo 10 do Decreto 101/2016, do 21 de xullo, polo que se regulan os órganos administrativos de coordinación, colaboración administrativa e asesoramento en materia de protección civil e emerxencias.

A finalidade deste Grupo é concretar e definir, entre outras cuestións, os 3 aspectos organizativos, funcionais e operativos que son básicos para a atención ás emerxencias:

1. O modelo de atención ás emerxencias
2. O mapa dos servizos de atención ás emerxencias
3. O establecemento e actualización de protocolos de actuación e de coordinación nas mobilizacións e intervencións.

Preténdese deste xeito definir e concretar un mapa no que se determinen os servizos de atención ás emerxencias de Galicia, o máis racional e operativo posible, sen ter en conta a dependencia administrativa dos medios.

Con este obxecto se fai preciso racionalizar e optimizar os recursos xa existentes, ou no seu caso crear novos grupos de intervención que permitan a prestación dun servizo profesional cunha isócrona que non supere os 30 minutos na atención da emerxencia que sexa. Esta cuestión xa foi estudada e consensuada no grupo de Traballo citado, chegándose a conclusión de que as 2 vías para resolver esta problemática son as seguintes:

- a) Comarcalización dos parques de bombeiros das grandes cidades, para que faciliten cobertura directa aos concellos da súa zona de influencia que se atopen nunha isócrona inferior aos 20 minutos.
- b) Reordenación dos servizos de atención actuais ou creación doutros novos, en función das posibles necesidades, do tamaño e tipoloxía da poboación e do territorio.

Por outra banda, en relación ao do Centro Integrado de Atención ás Emerxencias (CIAE 112) ás novas instalacións da Estrada, cómpre sinalar que este realizouse no mes de abril de 2017 e tivo como obxectivo dispoñer de máis e mellores recursos para atender ás emerxencias en Galicia.

Como é coñecido, o traslado desde a antiga sede de San Marcos era xa unha actuación prevista en 2005, e cuxo traslado se chegou a prever e organizar durante a época do goberno bipartito. O gasto do actual Centro quedou moi lonxe daquel proxecto de 18 millóns só en obra que barallaba o goberno bipartito para o traslado ao Concello de Oroso. A nova sede da Estrada tivo un custo global duns 12 millóns de euros sumando non só a obra, senón tamén todo o investimento que se fixo no ano 2015 no edificio en mobiliario e infraestrutura TIC.

Así pois, non foi este goberno o que adoptou a decisión de trasladar estes servizos senón o que tomou a decisión de facelo dun xeito racional e responsable, aproveitando os recursos existentes e posibilitando que o proxecto tivese menos custo para as arcas públicas e moita máis efectividade.

Dende que se produciu o traslado, a plataforma funciona con normalidade, sen que se produciran incidencias salientables malia que, como en todo sistema novo, sempre hai marxe de mellora. Neste traslado, e coma sempre en materia de emerxencias, a Xunta de Galicia priorizou, por riba de todo, a seguridade da cidadanía.



Por outra banda, cómpre salientar que persoal e empresa chegaron a un acordo a principios do pasado mes de xullo, para dar solución ao conflito laboral que existía. Dende a Xunta valórase que o servizo volvera á normalidade e que prevalecera o diálogo, tal e como defendeu desde o primeiro momento.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2018 12:18
Nº Rexistro: 29781
Data envío: 20/04/2018 12:18:26.113

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/04/2018 12:18:21



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13960**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o compromiso do Goberno galego de impulsar medidas que favorezan a participación de estudos de arquitectura novos nos concursos de redacción de proxectos e o aumento do número de concursos de cara ao futuro”**, (publicada no BOPG número 166 do 31 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Os anos de crise económica afectaron ao conxunto da sociedade, tendo unha incidencia significativa no sector da construción, que veu reducida a súa actividade.

Á hora de tratar a contratación de proxectos por parte da administración pública, cómpre en primeiro termo distinguir entre concursos de proxectos e contratos de servizo de redacción de proxectos.

Nos concursos de proxectos, perséguese estimular a creatividade dos profesionais da arquitectura, dar a posibilidade ao sector de participar na creación da idea e de valorar positivamente aquelas formulacións que teñan un alto valor arquitectónico e estético, non esixíndose máis requisitos que, lóxicamente, estar en posesión do título de arquitecto/a superior. Por iso, nestes concursos, preténdese garantir a participación máxima posible, permitindo aos novos talentos mostrar as súas ideas. En definitiva, non existe restrición algunha á participación de arquitectos e arquitectas novos e novas neste tipo de concursos.

Cuestión distinta son os contratos de servizo de redacción de proxectos. Nestes casos, é de aplicación o artigo 78 da Lei de Contratos do Sector Público que establece a solvencia técnica ou profesional nos contratos de servizos. O citado artigo sinala que a solvencia técnica ou profesional dos empresarios deberá acreditarse, segundo o obxecto do contrato,

por un ou varios dos medios que sinala no propio artigo e a elección del órgano de contratación.

Non obstante, na Xunta de Galicia, na maioría dos casos permítese acreditar a solvencia unicamente mediante a titulación académica, que é o medio máis aberto dos previstos no citado artigo, se ben a solvencia específica que se require dependerá da envergadura do correspondente proxecto.

Así, os pregos dos concursos teñen a finalidade de garantir á cidadanía os mellores resultados, tanto do investimento coma do obxecto que se pretenden.

Neste marco, os distintos departamentos da Xunta de Galicia manteñen un constante contacto co Colexio de Arquitectos de Galicia para comentar as incidencias que xorden en materia de contratación da redacción de proxectos.

No anos 2016 e 2017 o Goberno galego adxudicou un total de 411 contratos para a redacción de proxectos.

Polo que atinxe á posta en marcha de accións de fomento de participación de novos e novas profesionais e de pequenos estudos nos procesos de adxudicación de obra pública, cómpre sinalar que o Goberno galego está a avanzar nesta cuestión na liña do acordo parlamentario número 11240 aprobado polo Parlamento de Galicia en setembro do pasado ano:

‘O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que:

— Estableza convenios cos colexios profesionais dos campos da arquitectura, o urbanismo e a enxeñaría para promover e fomentar concursos de ideas, comprometéndose a un incremento progresivo deles ata acadar a porcentaxe do 20 %, sempre que sexa posible en atención ás actuacións que se executen, do total das contratacións de proxectos de arquitectura, urbanismo ou enxeñaría, no horizonte do ano 2020.

— Os órganos de contratación da Administración xeral da Comunidade Autónoma e do seu sector público adopten e poñan en práctica medidas de discriminación positiva nos procesos de contratación, que favorezan o acceso, ou a presenza, nas contratacións de proxectos e obra pública dos profesionais novos e novas, así como dos pequenos estudos de arquitectura.’



Bo exemplo destas prácticas foi o concurso de ideas para reformar o Hospital Xeral de Vigo e convertelo na Cidade da Xustiza, e proximamente convocarase no formato de concurso de ideas a reforma interna do Complexo Administrativo de San Caetano, ao tempo que se traballa nun acordo a aprobar polo Consello da Xunta de Galicia para o incremento progresivo do emprego desta fórmula.

Por último, cómpre incidir en que o Goberno galego ten como premisa básica para todas as súas intervencións que os resultados sexan o máis satisfactorios posibles para o interese público e social.

Neste marco, a fórmula do concurso de ideas constitúe unha das opcións á disposición da administración, xunto con outras que, dependendo das complexidades e particularidades do proxecto en cuestión, poden resultar máis acaídas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 29868
Data envío: 23/04/2018 14:49:47.739

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/04/2018 14:49:42



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 19021**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Aurelio Núñez Centeno e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o estado de desenvolvemento das distintas fases do Plan de sendas da comarca de Bergantiños, así como as actuacións concretas que se están a levar a cabo no marco dese plan”**, (publicada no BOPG número 199 do 24 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director da Axencia Galega de Infraestruturas en resposta á pregunta oral en Comisión número 21893, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 19 de abril de 2018, á que nos remitimos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 29818
Data envío: 20/04/2018 14:26:59.475

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/04/2018 14:26:35



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 12774**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a vixencia e funcionamento do Plan de emerxencia para Alcoa, do ano 2012”**, (publicada no BOPG número 157 do 3 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“O plan de emerxencia exterior do depósito de lodos vermellos de Alcoa en Xove, redactado conforme ao Real Decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras, foi aprobado polo Decreto 87/2012, do 23 de febreiro. O seu obxectivo é prever a estrutura organizativa e os procedementos de actuación dos medios e recursos externos para dar resposta ás situacións de emerxencia derivadas do fallo nos diques que pechan o depósito, establecer os sistemas de articulación coas organizacións das administracións municipais e definir os criterios para a elaboración dos plans de actuación municipal daquelas, especificar os procedementos de información á poboación sobre as medidas de seguridade que se deban tomar e sobre o comportamento que se debe adoptar en caso de accidente, catalogar os medios e recursos específicos á disposición das actuacións previstas e garantir a implantación e o mantemento do plan. Este plan, como todos os plans de protección civil vixentes, é público e pode consultarse a través da web da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Unha vez aprobado, comeza a fase de implantación do plan, que se traduce na formación e información aos grupos operativos previstos no plan, a instalación das sirenas de aviso á poboación, a campaña divulgativa á veciñanza, a elaboración de plan de actuación municipal do concello de Xove e a realización dun simulacro.

A campaña de información á poboación levouse a cabo durante o ano 2013, e consistiu no desenvolvemento dun plan de comunicación que contiña as fases de análise, planificación, consenso, e implantación, e que baixo o lema 'A información é seguridade', desenvolveuse de acordo coas directrices fixadas na lexislación europea, española e galega ao respecto.

Unha vez desenvolvida a campaña de información á poboación, levouse a cabo un simulacro o día 3 de febreiro de 2015, co fin de comprobar a correcta coordinación entre o Plan de Emerxencia Interior do depósito e o Plan de Emerxencia Exterior, os procedementos de activación, mobilización e constitución dos Grupos Operativos, adestramento ao persoal dos diferentes Grupos e centros de coordinación do PEE nas tarefas asignadas así como do sistema de comunicacións e a correcta aplicación das medidas de protección á poboación e demais sectores afectados.

En relación ao suceso ao que se refire á pregunta, cómpre sinalar que o día 6 de xullo do ano 2017 produciuse unha fuga nunha das conducións cara ao depósito de lodos vermellos, debido a un poro na tubería.

Avaliada a información recibida por parte dos medios presentes no lugar, non se activou o plan de emerxencias do depósito de lodos vermellos, pois o depósito non estaba en risco. A emerxencia estaba tipificada como verquido, e non era necesario adoptar as medidas de protección á poboación recollidas no plan de emerxencias.

As sirenas de aviso á poboación, polo tanto, non foron activadas, ao constituír unha medida de aviso para o caso de que estea en perigo de rotura o depósito. Nese caso, o seu son indica ás poboacións do entorno, e mesmo as industrias, a necesidade de evacuar a zona. O verquido producido non supuxo perigo para o depósito, e, polo tanto, non existía necesidade de evacuar á veciñanza.

Polo que atinxe á mobilización de medios, a chamada de aviso ao CIAE112 tivo lugar ás 9:54. Neses intres contactouse coa empresa Alcoa e mobilizouse ao Grupo de Emerxencias Supramunicipal de Cervo, o SPEIS de Viveiro, AVPC de Xove, así como, segundo procedemento para verquidos, á empresa SOGARISA, a técnicos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Policía Autonómica, Garda Civil, e persoal de Emerxencias da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.



Ao chegar ao punto o SPEIS de Viveiro informou ao CIAE112 que xa se atopaban no lugar dous operarios de Alcoa. Posteriormente, ás 10:33, o responsable do GES de Cervo indica que a fuga está cortada e que xa había unha pá, maquinaria, que aportou a empresa Alcoa, para recoller o verquido. Así mesmo, cunha retroescavadora alzouse unha barreira para evitar que o verquido afectara ao río.

Os medios presentes no punto confirmaron ao CIAE112 que o verquido afectou a 300 m2 en propiedades particulares.

A pronta actuación dos medios de intervención públicos mailos medios propios da empresa evitou que houbera contaminación asociada ao verquido. Os labores de recollida se prolongaron ata o mediodía do día seguinte, garantindo a total retirada dos lodos .”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 29871
Data envío: 23/04/2018 14:50:13.270

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/04/2018 14:50:08



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13080**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Paula Prado del Río e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións realizadas e previstas pola Xunta de Galicia en materia de formación do persoal dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais”**, (publicada no BOPG número 158 do 4 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“O convenio de colaboración subscrito o 29 de decembro do 2015 entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e as deputacións provinciais en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais para a creación e implantación dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES), trata, no seu Anexo II, a formación dos integrantes dos GES.

Entre outras disposicións, o convenio establece que, unha vez superado o proceso de selección e con carácter previo ao seu ingreso no grupo, os admitidos realizarán un curso de carácter teórico-práctico que se impartirá pola Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) baixo a denominación ‘Intervención en emerxencias’. Pertence á Familia Profesional Seguridade e Medio Ambiente e Área profesional Protección Civil, sendo a duración total de 70 horas (50 prácticas e 20 teóricas) divididos en catro módulos formativos: incendios urbanos e industriais, incendios forestais, accidentes de tráfico e primeiros auxilios.

A Xunta de Galicia asume, a través da AGASP, o custo desta formación apostando pola profesionalidade do persoal que forma parte dos GES e realizando todas aquelas edicións

que a comisión de seguimento do convenio considerou axeitadas ata o momento, debido a necesidade de incorporar persoal aos GES. Así, entre 2013 e 2017 realizáronse un total de 26 cursos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2018 13:48
Nº Rexistro: 29809
Data envío: 20/04/2018 13:48:05.820

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/04/2018 13:48:01



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13728**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a renovación da flota de vehículos policiais da Unidade Adscrita da Policía Nacional en Galicia”**, (publicada no BOPG número 166 do 31 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta mantén unha liña de mellora continua dos recursos da Policía Autonómica. Dentro deste programa de equipamento e renovación dos medios operativos, está previsto renovar o 90% do parque móbil da Policía Autonómica entre 2015 e 2020.

Para conseguilo, en 2015 renovouse o parque móbil con 12 vehículos todo camiño 4x4, totalmente equipados para o servizo.

No pasado ano 2017 se entregaron outros 30 vehículos de tipo todo camiño, con tracción 4x4, que se adquiriron para as Unidades de Medio Ambiente (UMA), que son as que precisan deste tipo de coches, xa que logo desenvolven actividades para preservar o medio ambiente natural; para a prevención e investigación de incendios; e tamén o control do furtivismo e marisqueo ilegal.

Xa en xaneiro deste mesmo ano 2018, se acaban de entregar 2 novos vehículos para os grupos de protección de menores.

Tanto o Sindicato Unificado de Policía (SUP), por ser ao que fan referencia na súa pregunta, como o resto de sindicatos representativos na UPA, coñecen a folia de ruta prevista para a

substitución dos vehículos desta Unidade, porque así se lle ten informado e explicado desde a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior nas xuntanzas mantidas con eles en diferentes ocasións.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2018 12:19
Nº Rexistro: 29787
Data envío: 20/04/2018 12:19:33.364

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/04/2018 12:19:29



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13997**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a necesidade de garantir a protección das persoas testemuñas citadas nos xuízos por violencia de xénero”**, (publicada no BOPG número 167 do 1 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia mantén un pleno compromiso na loita contra a violencia de xénero, así como coa salvagarda dos cidadáns e cidadás que como testemuñas colaboran coa policía xudicial e coa Administración de xustiza nas causas penais, cumprindo co seu deber constitucional.

A citación a testemuñas polos órganos xudiciais constitúe un acto procesual, e polo tanto, é unha actuación xudicial que se rexe pola regulamentación a tal fin establecida, de acordo coa Lei de axuízamento criminal, así como co Regulamento do Consello Xeral do Poder Xudicial 1/2005, do 15 de setembro, dos aspectos accesorios das actuacións xudiciais, que determinan a forma de practicar os actos de comunicación e realizar as citacións, especificamente nos asuntos que tramitan os xulgados de garda e os xulgados de violencia sobre a muller.

Estamos, pois, ante unha actuación xudicial. A Xunta de Galicia, como administración instrumental da Administración de xustiza, só está en disposición de subministrar os medios materiais tal e como lle precisen as autoridades xudiciais e procesuais. En todo caso, vén de dirixirse ao Observatorio contra a violencia doméstica e de xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial para abordar este asunto.

A Xunta de Galicia está a favor de calquera medida que contribúa a preservar a intimidade destas persoas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2018 12:19
Nº Rexistro: 29786
Data envío: 20/04/2018 12:19:24.770

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/04/2018 12:19:19



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 14023**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“un aumento do financiamento para a adquisición de medios materiais para as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado”**, (publicada no BOPG número 167 do 1 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A prestación conxunta do servizo de policía local xa aparece recollida no artigo 22 bis da Lei 4/2007, do 29 de abril, de coordinación de policía locais, logo da súa modificación pola Lei 9/2016, do 8 de xullo.

Cuestión distinta é a posibilidade de reforzar o cadro de persoal policial dalgún concello de forma temporal, que xa estaba recollida na propia Lei 4/2007, que no seu artigo 6 contemplaba a posibilidade de acordos entre concellos, para que o seu persoal puidese actuar no territorio doutros, de cara a reforzar a insuficiencia temporal de persoal.

En todo caso, cómpre lembrar que cada corpo de policía local depende do seu concello respectivo, que é a administración que debe dotalos de todos os medios necesarios.

Neste marco, á Xunta de Galicia correspóndelle a coordinación de todos os corpos para procurar unha imaxe, estrutura, réxime estatutario e funcións máis homoxéneas dos mesmos.

Malia non ostentar, polo tanto, o Goberno galego a competencia no que atinxe á dotación de medios, está a colaborar periodicamente cos concellos, dotando de vehículos e de motocicletas policiais a aqueles corpos de policía local que acreditan a súa necesidade e

oportunidade, sempre que o Goberno galego teña dispoñibilidade económica para afrontar estas dotacións.

Neste sentido, cómpre ter en conta que ao longo do ano 2015 se entregaron 58 vehículos e 26 motocicletas a outros tantos concellos, o que supuxo dotar a máis do 50% dos corpos de policía local dalgún vehículo ou motocicleta, feito que nunca antes se tiña producido nesta magnitude por parte da Xunta de Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2018 12:19
Nº Rexistro: 29784
Data envío: 20/04/2018 12:19:06.832

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/04/2018 12:18:47



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 14104**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o uso do galego na Administración de Xustiza en Galicia”**, (publicada no BOPG número 167 do 1 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia mantén un pleno compromiso co exercicio do dereito ao uso do galego en xuízos, por parte de calquera persoa ou profesional do dereito, tal e como se ten manifestado en diversas ocasións.

A Administración autonómica promove diversas actuacións para garantir a cooficialidade das dúas linguas e o uso da lingua habitual da cidadanía nos termos previstos pola propia Lei orgánica do poder xudicial (art. 231).

Son coñecidos os recursos de consulta de aspectos, tanto gramaticais como léxicos, postos a disposición dos traballadores da Administración de xustiza a través da rede corporativa para facilitar e promover o uso do galego. Trátase de recursos como dicionarios, correctores ortográficos, tradutores automáticos ou mesmo o ‘Foro de Lingua’, no que se ofrece material lingüístico. Tamén se teñen distribuído textos legais en galego, así como se ten elaborado un repertorio de lexislación de ámbito estatal en lingua galega daqueles textos normativos de uso cotián que non tiñan publicada versión en galego.

Tamén se ten potenciado o servizo de tradución co que conta a Administración de xustiza en Galicia que traballa de xeito directo cos órganos xudiciais (en 2017, 868 traducións de castelán a galego e 625 de galego a castelán), ademais de nas tarefas de tradución e interpretación, proporcionando asesoramento lingüístico e resolución de dúbidas.

Neste último eido, realízanse labores de revisión de documentos elaborados en galego (ao longo do ano 2017 revisaron 801 documentos en galego), entre outras actuacións de normalización e dinamización lingüística.

No que se refire ás sentenzas e documentación xudicial ditadas en lingua galega, son datos que corresponden ao Consello Xeral do Poder Xudicial, a quen compete a custodia e tratamento destes documentos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2018 12:18
Nº Rexistro: 29782
Data envío: 20/04/2018 12:18:34.379

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/04/2018 12:18:30



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 17725**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os datos referidos á concesión e denegación das subvencións convocadas na Orde do 30 de decembro de 2016, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para contribuír a mellorar a calidade de vida local e fomentar e dinamizar o asociacionismo veciñal, destinadas ás asociacións veciñais, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños de Galicia, comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres rurais de Galicia, así como os mecanismos da Xunta de Galicia para o seu control”**, (publicada no BOPG número 188 do 6 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta rexistrou un total de 804 solicitudes presentadas ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2016, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións, en réxime de concorrència non competitiva, dentro do Plan específico de acción comunitaria destinada a asociacións de veciños, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños de Galicia, comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres rurais de Galicia.

En total, tal e como figura na Resolución do 7 de febreiro publicada no Diario Oficial de Galicia do mércores 28 de febreiro, concedéronse axudas a un total de 231 proxectos, por un importe total de 2.390.239,16 euros. Esta cifra inclúe todas aquelas solicitudes presentadas completas, así como aquelas solicitudes que se completaron logo de presentar documentación complementaria e que se recibiron na sede electrónica da Xunta de Galicia ata o 2 de febreiro de 2017 ás 12:11 horas.

Desestimáronse un total de 573 solicitudes. Desde o punto de vista xurídico-administrativo pódense establecer 3 categorías: desestimadas por terse esgotado o crédito; desistencias declaradas por non ter atendido o requirimento de emenda ou desistencias voluntarias; e inadmisión como consecuencia do incumprimento de requisitos ou condicións para acceder á condición de entidade beneficiaria.

Xa no que se refire aos mecanismos de control, as bases reguladoras prevén unha habilitación xenérica ao órgano tramitador -neste caso a Dirección Xeral de Administración Local- para a realización daquelas comprobacións que considere conveniente levar a cabo sobre a execución dos proxectos subvencionados. A Xunta de Galicia conta, polo tanto, con mecanismos de tipo normativo, como é a habilitación para comprobar o cumprimento da obriga de destino, así como de medios persoais e técnicos mediante os que levar a cabo inspeccións que inclúan estas comprobacións.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2018 12:18
Nº Rexistro: 29779
Data envío: 20/04/2018 12:18:05.770

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/04/2018 12:18:01



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 18218**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a decisión do Concello de Redondela respecto da exposición titulada A criminalización do pensamento”**, (publicada no BOPG número 192 do 13 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia respecta a autonomía local á hora de tomar as decisións que lle competen.

Segundo trasladou o propio concello de Redondela, inicialmente autorizouse sen ningún tipo de traba a instalación da exposición ‘A criminalización do pensamento’ no edificio multiusos de titularidade local, sen comprobar previamente os contidos da mesma e sen exercer, polo tanto, ningún tipo de censura.

Posteriormente, decidiuse a súa retirada porque se considerou que na mesma existían contidos ofensivos para un colectivo da poboación e que se podería estar incorrendo nun delito de fomento do odio.

A Xunta de Galicia non manifesta obxección a esta decisión, á vista das circunstancias expostas polo concello de Redondela, presupoñendo a súa veracidade.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2018 13:47
Nº Rexistro: 29807
Data envío: 20/04/2018 13:47:37.491

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/04/2018 13:47:33



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 19082**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os datos referidos aos protocolos de actuación e xestión de crise establecidos pola Xunta de Galicia, así como a súa aplicación na vaga de incendios forestais rexistrada en Galicia a mediados de outubro de 2017”**, (publicada no BOPG número 199 do 24 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“O Plan Territorial de Emerxencia de Galicia (PLATERGA), así como o resto de plans específicos de emerxencias (temporais, seca, nevaradas, salvamento en praias e atención ao peregrino) e os plans especiais (incendios forestais, inundacións, mercadorías perigosas e sinistros sísmicos) contemplan, en cada caso, a activación dun Centro de información (CIN) dependente do director do Plan de Emerxencias.

En todos os casos constitúese un Centro de Control Operativo, baixo as ordes do director do Plan. O mencionado órgano subministra ao CIN a información correspondente sobre a situación de emerxencia e a súa evolución.

Este gabinete de comunicación é o encargado de trasladar á poboación -a través dos medios de comunicación, páxinas web e redes sociais- tanto a información destinada á adopción de medidas de protección, como os datos que permitan ir coñecendo o desenvolvemento da situación adversa en cuestión.

En cada Plan de Emerxencia establécese como se deben artellar as distintas canles de comunicación segundo o tipo e o nivel de alerta, e en que medida se debe proporcionar esa información (por exemplo: de prevención, durante a alerta ou mesmo logo de que rematen estes episodios), sempre do xeito máis áxil, actualizado e completo posible.

A Xunta segue o establecido nestes plans. facilitando a necesaria información á poboación a través de distintas vías. e tamén atendendo as solicitudes de datos concretos por parte dos medios de comunicación.

Todos os plans figuran, de xeito público e transparente. na páxina web da Xunta de Galicia (<http://cpapx.xunta.gal/plans-de-emerxencia>), onde se pode consultar toda a información ao respecto.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2018 13:47
Nº Rexistro: 29805
Data envío: 20/04/2018 13:47:04.819

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/04/2018 13:46:44



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 29866

Data envío: 23/04/2018 14:49:29.270

Data 23/04/2018 14:49

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 24007**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para promover a consideración por parte das universidades galegas da incorporación dunha materia específica para a atención e prevención da violencia machista”**, (publicada no BOPG número 252 do 2 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 4ª do 19.04.2018- ao darlle resposta á pregunta 24008 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 29866
Data envío: 23/04/2018 14:49:29.270

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/04/2018 14:49:24



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 26418**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego referidas ao prazo de construción, orzamento, prestacións e servizos do novo centro de saúde de Poio, o mantemento dos consultorios periféricos de Raxó e Combarro e a adopción de medidas para rematar coas listas de espera nese concello”**, (publicada no BOPG número 269 do 1 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Desde a Consellería de Sanidade foi remitido ao Concello de Poio o anteproxecto para a ‘Ampliación do Centro de Saúde de Anafáns’ co obxecto de que emita o correspondente informe urbanístico.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 30175
Data envío: 27/04/2018 14:48:34.033

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/04/2018 14:48:16



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 26426**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión da Xunta de Galicia respecto da supresión da liña directa de autobús entre Lugo e Vigo, así como as medidas adoptadas ou previstas para a súa restitución e a garantía dunhas frecuencias e conexións acaídas ás necesidades da poboación”**, (publicada no BOPG número 269 do 1 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O proceso de licitación e posta en marcha das novas liñas de transporte público de viaxeiros por estrada (tanto das adxudicadas a mediados de 2017 como das adxudicadas a principios de 2018) realizouse segundo o previsto na lexislación vixente. En concreto, adxudicáronse seguindo o procedemento de adxudicación directo participativo que establece a Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.

Tal e como indica artigo 77 da Lei 2/2017, os anteproxectos de explotación de servizos de transporte obxecto de adxudicación directa sometéronse a información pública.

Durante este trámite, as empresas e demais interesados, en xeral, puideron formular as alegacións que consideraron oportunas en relación co contido do anteproxecto.

Logo de analizar as alegacións presentadas, a Administración redactou os correspondentes proxectos de explotación dos servizos. O procedemento non só respecta plenamente as previsións, tanto da normativa comunitaria como da normativa interna de aplicación, senón que incluso se constitúe cun carácter máis participativo do que esta normas prevén.

Os contratos aos que se refire a iniciativa adxudicáronse a aquela unión temporal de empresas que formulou a oferta máis valorada consonte cos criterios estritamente obxectivos fixados nos correspondentes pregos de condicións”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(*ASINADO DIXITALMENTE*)

CVE-PREPAR: 2fb517c8-42b9-9566-cc74-e02eeb3027b7

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2018 12:17
Nº Rexistro: 29776
Data envío: 20/04/2018 12:17:26.504

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/04/2018 12:17:22



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 26516**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o número pacientes de infarto que recibiron un tratamento de hemodinámica no Hospital Universitario Lucus Augusti, de Lugo, nos anos 2014, 2015, 2016, 2017 e no mes de xaneiro de 2018, así como o número dos que foron trasladados desde ese hospital ou desde calquera outro dos servizos sanitarios da provincia de Lugo ao Hospital Universitario da Coruña nese período”**, (publicada no BOPG número 269 do 1 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O número de pacientes que recibiron tratamento de hemodinámica no Hospital Universitario Lucus Augusti de Lugo e no Hospital Universitario da Coruña é o que se indica a continuación:

	HULA	CHUAC
2015	19	58
2016	29	79
2017	21	59
TOTAL	69	196

* Indicar que Regaliam empezou a súa actividade o 1 de xuño de 2015, polo tanto os datos corresponden aos meses de xuño a decembro.

* Os datos de 2017 corresponden aos meses de xaneiro a setembro que son os validados nestes momentos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 29865
Data envío: 23/04/2018 14:49:20.301

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/04/2018 14:49:14



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2018 12:17
Nº Rexistro: 29775
Data envío: 20/04/2018 12:17:04.691

Data 20/04/2018 12:16

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 26807**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego en relación co nivel de perigosidade que presenta a estrada N-550, A Coruña-Tui en varios puntos e nomeadamente ao seu paso polos concellos de Vilaboa e Pontevedra, as demandas que vai realizar ao Goberno central ao respecto e o prazo previsto para creación da Mesa Galega da Bicicleta”**, (publicada no BOPG número 269 do 1 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Cómpre lembrar que a Comisión 2ª do Parlamento de Galicia, de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na súa sesión do 5 de abril de 2018, aprobou por unanimidade a proposición non de lei nº 27838, relativa ás demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa perigosidade que presenta para as persoas usuarias, en especial para os peóns e ciclistas, a estrada N-550, A Coruña-Tui. De acordo co texto aprobado, o director da Axencia Galega de Infraestruturas dirixiuse ao director xeral de Carreteras do Ministerio de Fomento trasladándolle a necesidade de dar cumprimento ao que se indica na dita iniciativa.

Sinalar, ademais, que a Consellería de Infraestruturas e Vivenda xa mantén aberta unha liña de colaboración e diálogo coa Federación Galega de Ciclismo, coa que asinou dous convenios de colaboración, en 2016 e 2017, co fin de fomentar a seguridade viaria dos ciclistas. Estase a incidir, especialmente, na mellora da súa visibilidade (repartíronse chalecos reflectantes entre ciclistas deportivos da Comunidade Autónoma) e no reforzo da sensibilización.

Nesta mesma liña, o 16 de marzo de 2018 tivo lugar unha xornada con axentes sociais co fin de avaliar o desenvolvemento do Plan de seguridade viaria 2016-2020, que recolle medidas dirixidas especificamente a ciclistas. Á xornada asistiron representantes de varios colectivos ciclistas, como a Federación Galega de Ciclismo ou a asociación Pedaladas.

páxina 1 de 2

Entre as previsións contempladas para impulsar o Plan está a de adquirir, nos anos 2018-2019, novas prendas reflectantes, chalecos para peóns e cortaventos para ciclistas.

Por último, destacar que a Administración autonómica segue a traballar no desenvolvemento do Plan de Sendas de Galicia, para facilitar unha mobilidade máis segura aos usuarios máis vulnerables das estradas, peóns e ciclistas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2018 12:17
Nº Rexistro: 29775
Data envío: 20/04/2018 12:17:04.691

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/04/2018 12:17:00



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 27086**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión da Xunta de Galicia referida á necesidade de poñer en marcha unha estratexia galega de atención ás persoas con dano cerebral adquirido, así como de crear un censo delas para dimensionar de xeito axeitado os recursos necesarios e as súas intencións en relación coa implantación da categoría diagnóstica “Dano cerebral adquirido” e a garantía da atención en tempo e forma para evitar as secuelas derivadas das demoras na rehabilitación”**, (publicada no BOPG número 272 do 7 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A información dos pacientes ingresados en todo o Sistema Nacional de Saúde (SNS) se rexistra no Conxunto Mínimo Básico de Datos á alta Hospitalaria (CMBD) coas diversas edicións da Clasificación Internacional de Enfermidades Modificación Clínica 9ª Revisión (CIE 9 -MC), desde o inicio da creación desta base de datos ata o ano 2015.

Desde o 1 de xaneiro de 2016, por acordo do ‘Consejo Interterritorial del Sistema Nacional de Salud’ do 21 de Marzo de 2013, a clasificación a empregar para a codificación das altas hospitalarias é a Clasificación Internacional de Enfermidades Modificación Clínica 10ª revisión-ES (CIE-10-ES). A creación dun código fora da CIE implicaría a súa desnormalización.

No que respecta aos pacientes de Dano Cerebral Adquirido, pódense codificar e identificar adecuadamente, tanto aos pacientes con causas que os fan susceptibles de ter Dano Cerebral Adquirido (DCA) como aqueles que xa o desenvolveron.

Hai códigos para identificar estes DCA derivados de accidentes cerebrovasculares, orixe traumático, infeccioso, metabólico, anóxico, tóxico, por neoplasias etc.

O Servizo Galego de Saúde, por medio dos servizos de Rehabilitación e Fisioterapia das distintas áreas sanitarias, establece os protocolos necesarios para a atención ás persoas con dano cerebral adquirido, e continuará traballando na mellora da atención a estes pacientes.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 30174
Data envío: 27/04/2018 14:48:12.486

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/04/2018 14:48:08



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 27245**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da reparación do firme, así como a mellora da drenaxe lonxitudinal e sinalización horizontal da estrada AC-546”**, (publicada no BOPG número 278 do 16 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A finais do ano 2015, a Axencia Galega de Infraestruturas, dentro das súas funcións de conservación e explotación das estradas autonómicas, realizou actuacións puntuais de reforzo de firme da AC-564, Cabanas (AP-9) - As Pontes (AG-64), a través do proxecto ‘Reforzo de firme localizado nas estradas AG-64, AC-563, AC-564, AC-861 e AC-862’. En concreto, as actuacións realizáronse nas zonas afectadas por unha deformación do firme, así como naquelas que presentaban evidentes signos de debilitamento no pavimento.

Ademais, nesta mesma primavera está planificado realizar o perfilado das cunetas da AC-564, co fin de mellorar a súa drenaxe lonxitudinal. A continuación do dito perfilado, a actuación completárase co repintado da sinalización horizontal.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 30173
Data envío: 27/04/2018 14:48:04.174

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/04/2018 14:48:00



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 27326**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez e dona María de la Concepción Burgo López, sobre **“a opinión da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria referida á suficiencia do compromiso orzamentario do Goberno galego para actividades de impulso das vocacións nas áreas STEM, ou de ciencias, tecnoloxía, enxeñería e matemáticas, a súa valoración en relación coa participación dos centros educativos, así como do alumnado nas levadas a cabo nese eido e, se é o caso, as medidas previstas para o seu incremento e a redución da fenda de xénero existente nesas áreas”**, (publicada no BOPG número 278 do 16 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 27325, e debatida no Pleno da Cámara galega de data 10-11/04/2018; e á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e
Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2018 09:30
Nº Rexistro: 30054
Data envío: 26/04/2018 09:21:33.597

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/04/2018 9:21:28



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 27587**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións levadas a cabo e previstas polo Goberno galego en relación coa situación xerada polo anuncio da suba de prezos que vai levar a cabo a Dirección da Asociación Autismo Ourense a partir do 31 de xullo de 2018, a causa da minoración da contía da subvención recibida da Xunta de Galicia”**, (publicada no BOPG número 278 do 16 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 5ª do 18.04.2018- ao darlle resposta á pregunta 28436 sobre similar tema.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 30171
Data envío: 27/04/2018 14:47:47.892

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/04/2018 14:47:44



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 27599**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as xestións levadas a cabo polo Goberno galego, as razóns da demora e o prazo previsto para o cumprimento do acordo parlamentario do 3 de outubro de 2017 referido á retirada das inscricións franquistas existentes nas fachadas das igrexas católicas e, en particular, a que hai na da igrexa de Santiago en Cangas”**, (publicada no BOPG número 278 do 16 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 27600, e debatida na Comisión 1ª Institucional de Administración Xeral Xustiza e Interior de data 23/03/2018; e á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e
Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2018 09:30
Nº Rexistro: 30053
Data envío: 26/04/2018 09:21:24.706

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/04/2018 9:21:20



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 27606**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o estado de tramitación da declaración da illa de Ons como Área de Rehabilitación Integral”**, (publicada no BOPG número 278 do 16 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) en resposta á pregunta oral en Comisión número 27605, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 19 de abril de 2018, á que nos remitimos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2018 12:16
Nº Rexistro: 29774
Data envío: 20/04/2018 12:16:50.988

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/04/2018 12:16:25

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita número: 27818, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e don Luis Villares Naveira, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central da axilización da reparación do firme da estrada N-642 entre Barreiros e San Cibrao, a redacción urxente do proxecto para a rehabilitación do tramo entre Porto e Ribadeo, así como a execución no ano 2018 das melloras máis urxentes na Rede estatal de estradas na provincia de Lugo e a información que posúe en relación co proxecto de autovía A-74”**, (publicada no BOPG número 281 do 22 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“En relación á estrada N-642, tramo Barreiros-San Cibrao, o Ministerio de Fomento licitou, en xaneiro do 2018 e por valor de 2,92 millóns de euros, o contrato ‘Rehabilitación estrutural do firme na estrada N-642. Puntos quilométricos 26,950 ao 28,800 e 36,500 ao 55,000’. O contrato, actualmente en trámite de adxudicación, permitirá reparar as zonas danadas e renovar a capa de rodaxe en varios tramos da N-642 nos termos municipais de Barreiros, Foz, Burela e Cervo.

Tamén o Ministerio de Fomento anunciou, o 4 de abril de 2018, o inicio de traballos urxentes de reparación do firme en varias estradas de titularidade estatal da provincia de Lugo. As obras, cun custo total de 2,82 millóns de euros, desenvolveranse durante os próximos catro meses, en función da climatoloxía, en distintos treitos da Rede de Estradas do Estado en Lugo, entre eles, na N-642, do punto quilómetro 2,200 ao 7,870 (tramo Porto-Ribadeo).

En canto á A-74, o proxecto de Orzamentos Xerais do Estado recolle unha partida de 3,1 millóns de euros en 2018 para avanzar nos proxectos e na licitación das obras da Autovía da Mariña.

Cómpre lembrar, ademais, que de acordo coa iniciativa aprobada no Parlamento de Galicia no mes de marzo, e en liña co xa transmitido en diferentes ocasións pola Xunta de Galicia, o director da Axencia Galega de Infraestruturas fixo chegar novamente ao Ministerio de Fomento a demanda de licitación de diversas autovías de Galicia, entre elas, a A-74.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 30170
Data envío: 27/04/2018 14:47:40.173

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/04/2018 14:47:36



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 28019**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia referidas á demanda ao Ministerio de Fomento do arranxo da estrada N-540, a mellora do estado do firme e remodelación da súa sinalización, así como reforma e reparación dos tramos Guntín-Ventas de Narón e Barrela-Taboada, e as actuacións levadas a cabo ao respecto”**, (publicada no BOPG número 281 do 22 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia xa trasladou ao Ministerio de Fomento, en diversas ocasións, a necesidade de actuar nos firmes das estradas de titularidade estatal, entre as que se inclúe a N-540.

Ademais, o Ministerio de Fomento anunciou, o 4 de abril de 2018 o inicio de traballos urxentes de reparación do firme en varias estradas de titularidade estatal na provincia de Lugo. As obras, cun custo total de 2,82 millóns de euros, desenvolveranse durante os próximos catro meses, en función da climatoloxía, en distintos treitos da Rede de Estradas do Estado en Lugo, entre eles, na N-540, do punto quilométrico 18,000 ao 64,000.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 30093
Data envío: 26/04/2018 15:05:51.432

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/04/2018 15:05:30



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 28127**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e don Abel Fermín Losada Álvarez, sobre **“o motivo polo que a Asociación de Vivendas Turísticas de Galicia non forma parte do Consello Galego de Turismo de Galicia e a previsión de que esta situación cambie”**, (publicada no BOPG número 285 do 28 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“Aviturga é unha asociación de recente creación, non obstante, o Consello de Turismo de Galicia está regulado na Lei 7/2011, de Turismo de Galicia (artigo 7) e no Decreto 142/2012, polo que se regula o Consello de Turismo de Galicia, onde se establece o número de vogais e os representantes. Neste sentido cómpre indicar que no Consello de Turismo quedan representadas a Administración autonómica, a Administración local, as universidades, os representantes dos consumidores, os sindicatos e o sector turístico. Este último, está a súa vez representado na súa totalidade a través dos subsectores que se indican (hoteleiro, restauración, turismo rural, axencias de viaxes, balnearios e talasos, campamentos de turismo, guías de turismo e oferta complementaria), polo que non se atende a unha representatividade exclusiva dun subsector, xa que quedarían fora moitos interesados aos que non se lle podería dar cabida por cuestións operativas. Neste caso queda toda a oferta complementaria recollida no artigo 88 da Lei 7/2011 (que comparten un só vogal xunto cos guías de turismo), os titulados e profesionais en materia de turismo, os albergues turísticos, os apartamentos turísticos ou as vivendas turísticas por poñer algúns exemplos.

Para incluír un novo sector no Consello de Turismo de Galicia é necesario modificar o decreto vixente, quitándolle representatividade a outros sectores. O decreto que regula o Consello de Turismo de Galicia entrou en vigor en agosto de 2012 e ten cumprido o seu papel celebrando ata 13 sesións plenarias desde entón. Actualmente non está en marcha unha modificación do mesmo, sen que esta poida descartarse para adaptalo a novas necesidades ou incluír outros sectores, non obstante as vivendas de uso turístico foron reguladas mediante decreto 12/2017,

que entrou en vigor en maio do ano pasado, polo que non transcorreu nin tan sequera un ano dende a súa regulamentación. Para que un subsector poida designar un vogal no Consello de Turismo, parece sensato que deba estar previamente consolidado, e entrementes sexan representados polos actuais vogais.

Aviturga enviou un escrito no que amosa o seu interese por formar parte do Consello de Turismo de Galicia, polo que de cara a unha modificación no futuro da regulación do mesmo, terase en conta esta proposta. Aínda que non se emitiu resposta no seu día porque non se considerou mais que unha suxestión, a día do 13 de abril remitiuse resposta nos mesmos termos que nesta contestación parlamentaria.

Para que unha asociación que representa as vivendas de uso turístico forme parte do Consello de Turismo de Galicia, sería preciso a reforma previa do réxime regulador deste. Por outra banda, Aviturga tería que demostrar que é a entidade mais representativa no seu sector. A día de hoxe para que un sector da actividade turística estea representado no Consello é requisito imprescindible que figure no rexistro de entidades e actividades turísticas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 29864
Data envío: 23/04/2018 14:49:10.395

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/04/2018 14:49:06



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 28212**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luísa Pierres López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que realiza o Goberno galego en relación coa eficacia das medidas adoptadas para o control e vixilancia das edificacións inacabadas en Galicia e a previsión de medidas que hai que adoptar, os datos que manexa ao respecto e a posible comunicación á Sareb e aos grandes propietarios das vivendas inacabadas para coñecer as súas previsións e os seus resultados”**, (publicada no BOPG número 285 do 28 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 2ª do 19.04.2018- pola directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo ao darlle resposta á pregunta 28211 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2018 12:38
Nº Rexistro: 29795
Data envío: 20/04/2018 12:38:26.152

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/04/2018 12:38:08



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 28330**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración, as medidas e os prazos previstos polo Goberno galego para solucionar os inconvenientes que está a padecer a veciñanza de Carnota, en concreto no Pindo, a consecuencia do deficiente funcionamento do servizo de saneamento e depuración das augas residuais”**, (publicada no BOPG número 285 do 28 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“Tal e como avanzou o director de Augas de Galicia, na sesión da Comisión 2ª celebrada o pasado 19 de abril de 2018, a execución da obra á que se fai referencia na iniciativa sufriu atrasos por motivos alleos á actuación da Xunta de Galicia, que traballou para impulsala en todo momento.

O director de Augas de Galicia explicou, ademais, que se están solucionando unhas deficiencias detectadas durante a última fase da actuación. Seguidamente, farase a entrega da obra aos concellos, estando prevista tal entrega nas vindeiras semanas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 29863
Data envío: 23/04/2018 14:49:00.411

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/04/2018 14:48:39



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 28404**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e don Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre **“as intencións do Goberno galego respecto da creación da comisión de seguimento da vía de alta capacidade Costa Norte e, se é o caso, o prazo previsto para ese fin, así como os datos referidos ao seu calendario de xuntanzas”**, (publicada no BOPG número 287 do 4 de abril de 2018), teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A Axencia Galega de Infraestruturas, co fin de continuar coa actuación da vía de altas prestacións da Costa Norte, licitou, o 5 de marzo de 2018, a asistencia técnica de servizos para a redacción do proxecto: ‘Actualización da VAC da Costa Norte. Treito: AG-64 (San Sadurniño) - Sanguifeira; e redacción do estudo informativo e estudo de impacto ambiental da nova ponte sobre a ría de Viveiro e conexión da VAC Costa Norte coa LU-540’. De modo complementario, licitou tamén o proxecto de ‘Mellora da capacidade e seguridade da AC-862. Treito: AG-64-Ponte Mera’.

Con estas dúas iniciativas determínase unha estratexia de actuación a curto e medio prazo para a mellora da mobilidade en materia de estradas do norte das provincias da Coruña e de Lugo, con especial atención ao desenvolvemento da vía de altas prestacións da Costa Norte. Foi a propia conselleira de Infraestruturas e Vivenda quen deu conta desta estratexia aos alcaldes nunha reunión celebrada o 1 de marzo de 2018.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 30168
Data envío: 27/04/2018 14:47:17.954

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/04/2018 14:47:03



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 28431**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da demora e as medidas previstas pola Xunta de Galicia para a posta en marcha do saneamento na localidade do Pindo, no concello de Carnota, así como a situación na que se atopa o proxecto para a dotación desa infraestrutura ao lugar de Lariño”**, (publicada no BOPG número 287 do 4 de abril de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 2ª do 19.04.2018- polo director de Augas de Galicia ao darlle resposta á pregunta 28432 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2018 12:35
Nº Rexistro: 29793
Data envío: 20/04/2018 12:35:39.214

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/04/2018 12:35:34



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 28437**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a valoración do Goberno galego referida á situación das trinta familias dos nenos ourensáns con trastornos do espectro autista (TEA), a consecuencia da posible redución dos servizos que lles están a prestar aos seus fillos, e as medidas previstas para garantirlles a súa accesibilidade e mantemento, así como os datos referidos ás axudas concedidas pola Xunta de Galicia á Asociación Autismo Ourense dende o ano 2009 e o control levado a cabo ao respecto”**, (publicada no BOPG número 287 do 4 de abril de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 5ª do 18.04.2018- ao darlle resposta á pregunta 28436 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 30167
Data envío: 27/04/2018 14:46:36.751

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/04/2018 14:46:13



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 28560**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da cobertura das baixas e xubilacións das matronas, as actuacións que vai levar a cabo para resolver a carencia delas na provincia de Ourense, en especial, na atención primaria e o posible cumprimento do disposto no Plan integral de saúde da muller en Galicia, así como as recomendacións da Organización Mundial da Saúde ao respecto”**, (publicada no BOPG número 287 do 4 de abril de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Os cambios demográficos e sociais xeraron que unha gran parte da provincia de Ourense teña unha poboación na que o número de mulleres en idade fértil ten diminuído significativamente nos últimos anos, pasando de estar en cifras por riba de 71.000 mulleres en idade fértil no ano 2010 a caer dita cifra por debaixo de 59.000 mulleres no ano 2017. Con respecto ao número de nacementos encontrámonos tamén cunha situación semellante á anterior, dando lugar a unha pirámide de poboación moi envellecida.

A organización sanitaria de matronas, con respecto as atencións demandadas polas mulleres en idade fértil está centralizada nos concellos de Barbadás, O Carballiño, Ribadavia, Allaríz, Verín, O Barco de Valdeorras, Xinzo, Celanova e Ourense.

A centralización do recurso asistencial de matrona ten a súa xustificación en poder atender ás mulleres en idade fértil que viven na zona rural.

Pese a esta negativa perspectiva poboacional, na actualidade o cadro de persoal de matronas está formado por 37 profesionais, distribuídas do seguinte xeito: CHUO 15, Atención Primaria 9, O Barco de Valdeorras 8 e Verín 5. Se temos en conta o número total

de mulleres en idade fértil da provincia de Ourense, 58.363, a ratio de usuarias por matrona fixaríase en 1577, cifra que nos coloca por debaixo das 2000 potenciais usuarias por profesional.

Ata o de agora se teñen cuberto todas as xubilacións e seguirá facéndose con criterios de cobertura poboacional e número de mulleres fértiles por matrona.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2018 09:30
Nº Rexistro: 30052
Data envío: 26/04/2018 09:21:15.893

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/04/2018 9:21:08



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2018 13:05
Nº Rexistro: 30085
Data envío: 26/04/2018 13:05:08.370

Data 26/04/2018 13:04

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 28669**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o falecemento dunha turista o día 31 de marzo de 2018, a consecuencia do desprendemento dunha pedra do interior dunha das covas da praia das Catedrais, no concello de Ribadeo”**, (publicada no BOPG número 289 do 11 de abril de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 24.04.2018- pola conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio ao darlle resposta á pregunta 28667 sobre similar tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2018 13:05
Nº Rexistro: 30085
Data envío: 26/04/2018 13:05:08.370

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/04/2018 13:04:49



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 28712**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da calidade asistencial ofrecida no Hospital de Verín, o coñecemento dos déficits de servizos que se veñen apuntando polos colectivos de pacientes, profesionais e diversas organizacións, así como o traslado á Consellería de Sanidade pola Dirección do centro dalgunha necesidade en materia de medios humanos e materiais”**, (publicada no BOPG número 289 do 11 de abril de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A calidade asistencial ofrecida no Hospital de Verín é equiparable á de calquera dos demais hospitais comarcais de Galicia. Trátase dunha actividade asistencial de calidade, integrada, tanto coa atención primaria como cos recursos de atención hospitalaria da área de Xestión Integrada, e que segue mellorando en resultados asistenciais e en desprazamentos evitados.

A actividade do Hospital de Verín durante o ano 2017 permitiu a realización de 2.542 intervencións cirúrxicas, 2.849 ingresos, 69.227 consultas e 13.372 urxencias, ademais dunha óptima xestión dos tempos para acceder a consultas e intervencións.

No Hospital de Verín mantéñense todas as especialidades desde súa apertura en 1994 ademais da realización de novas consultas e probas de Dixestivo, Endocrinoloxía, Neuroloxía, Oncoloxía Médica, Reumatoloxía e CardioloXía que se fan directamente en Verín sen ter que viaxar ao Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.

Non existen déficits con carácter xeral nos servizos que actualmente se veñen prestando no Hospital de Verín. Soamente hai unha situación puntual nun dos servizos, e ten que ver con

situacións específicas nunha especialidade concreta. Nos últimos meses, e por distintos motivos, dous profesionais desta especialidades renunciaron aos seus contratos para trasladarse a zonas costeiras, foron tomadas medidas concretas para corrixir esa situación puntual e poder dispoñer á maior brevidade posible do mesmo numero inicial de profesionais.

Destacar que nesta situación desde o servizo da Area estase a colaborar de xeito activo no mantemento da actividade deste servizo por unha banda, e na solución final pola outra. Todo isto faise dentro do marco da Lei de Saúde.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2018 09:30
Nº Rexistro: 30051
Data envío: 26/04/2018 09:21:03.315

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/04/2018 9:20:44



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 28819**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as demandas que vai realizar o Sergas ao Concello de Tui en relación coas repercusións que ten na asistencia sanitaria do centro de saúde a instalación de atraccións de feira na explanada contigua ao centro, con motivo das festas patronais”**, (publicada no BOPG número 289 do 11 de abril de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Desde a Xerencia de Xestión Integrada de Vigo foi remitida unha carta ao Alcalde de Tui comunicándolle a preocupación que entraña para os profesionais do Servizo Galego de Saúde e tamén directamente para os pacientes atendidos no Centro de Saúde de Tui e do PAC ante o emprazamento de atraccións con motivo das Festas de San Telmo na explanada contigua ao centro de Saúde, sen que polo momento se obtivera resposta algunha.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)


Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 30166
Data envío: 27/04/2018 14:45:21.407

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/04/2018 14:44:59



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727